

## Friol acollerá unha planta de biocombustible de Greenway

O Concello de Friol albergará unha planta de produción de biocombustible de segunda xeración (bio- GNL biohidrógeno), biofertilizantes e BIO-CO2, a partir de subproductos da actividade agrícola e gandeira da zona. Ademais, creará 92 postos de traballo directos e 65 indirectos e situarase nunha superficie de 120.000 m2, dos cales se construíra nuns 60.000 m2, e a superficie restante serán zonas verdes. En todas as plantas espérase unha produción anual de polo menos 3000 m<sup>3</sup> de gas biometano, con entrada dun millón de toneladas de subproductos ao ano. **Pax. 10**

## Volven as feiras de primavera

A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá terá lugar o día 20. A continuación, será a de Vilalba e a Moexmu de Muimenta, que comparten fin de semana



Comeza a tempada das feiras do queixo, na que a de Friol será a que abra as celebracións o vindeiro domingo 20 de marzo, que chega á XXVIII edición. O Concello xa ten lista toda a infraestrutura para esta celebración, que conta con moitas medidas sanitarias, para poñer en valor estes dous produtos símbolo de identidade dun pobo. Como en anos anteriores, a venda de queixo e pan concentrarán a atención pero haberá tamén outros moitos produtos así como actividades paralelas. Dúas semanas despois terán lugar en Vilalba a Feira do Queixo San Simón da Costa e a Moexmu de Muimenta. **Pax. 2, 8 e 13**

**vilalba.** Licitan a construción do parque acuático na Madalena. **Pax. 3**

**as pontes.** Endesa recibe dous novos cargamentos de carbón. **Pax. 6**

**begonte.** Piden a cesión do parque do colexio de Baamonde. **Pax. 15**

**outeiro de rei.** Entrevista ao alcalde, José Pardo Lombao. **Pax. 16**

**castro de rei.** O Concello rehabilitará a muralla exterior. **Pax. 19**

**a pastoriza.** Comezan as obras da balsa da parroquia de Vián. **Pax. 21**

**muras.** Investirán no centro de saúde o Fondo de Compensación. **Pax. 23**

## Volve o Gran Máster de Fútbolín



Será os días 14, 15 e 16 de abril. **Pax. 11**

## V Certame de debuxo e poesía



Convocado polos concellos de Meira e Riotorto. **Pax. 24**

## Nova edición da ruta BTT San Simón



Aberto o prazo de inscrición para a ruta vilalbesa. **Pax. 29**

## Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista. Como obxectivos marcouse os de "consolidar as alcaldías, conseguir outras novas,

manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o Goberno central e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que tanta falta lle fai a este país". **Pax. 26**



## A vida soa xenial, non a perdas!

Audifono dixital dende **890€**

 Revisión auditiva completa gratuita. Pide a túa cita sen compromiso.

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100  
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba.  
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.  
Nº R.S. 1-27-000111/10-27-000111 - Nº R.S. 1-15-00024/1-15-00119

## Inaugurado o novo Parque Rosalía de Castro



O parque situado entre as rúas Calvario e Rouco Varela xa leva o nome de Rosalía de Castro, unha iniciativa aprobada polo pleno do Concello a proposta do Instituto de Estudos Chairegos.

Procedeuse ao descubrimento dun monólito cedido para este espazo polo Iescha, cuxa pedra provén da casa da escritora en Padrón, feito

polo canteiro José Gómez de Bernardo, cuns versos de "Lieders", publicación considerada como o primeiro manifesto feminista.

O parque conta cunha filla da Figueira de Rosalía, exemplar doado pola Fundación Rosalía de Castro. Ademais, o Concello colocou unha placa distintiva e tamén se procedeu ao seu descubrimento.

## O FIV presentou o cartel para a edición do 22 ao 24 de abril

O vindeiro mes de abril regresa o FIV de Vilalba. Celebrará a súa décimo quinta edición do 22 ao 24 de abril, contando unha vez máis co centro de Vilalba como epicentro do festival e punto de encontro dos asistentes que esperaban a volta do festival a súa orixe, a ser o evento que daba inicio á tempada de festivais.

Vilalba gozará durante tres días de diversas actuacións e actividades repartidas entre os escenarios situados na Praza da Constitución, o Escenario Emerxente, e no Campo da Feira, o Escenario FIV, cunha capacidade este ano para 5.000 persoas, e seguindo os protocolos vixentes no momento da celebración do festival, garantindo ante todo a seguridade de público e artistas.

Bandas e artistas de primeira liña do panorama indie nacional e galegos conformarán unha programación



completa de concertos que se celebrarán ao longo de toda a fin de semana, xunto con actividades paralelas, o FIV Kids, un espazo para as pequenas e os pequenos da casa, e

zona de acampada.

O cartel reúne un nutrido grupo de artistas entre os que son todos pratos fortes e nos que figuran Sen Senra, Viva Suecia, Natalia Lacunza, La La Love You, Rufus T. Firefly, Cupido, Carlos Sadness, Baiuca, Forget la france, Idoipe e Delafé.

O FIV, xunto ao Concello de Vilalba, volve conxugar a esencia do propio festival marcada polos mellores artistas do panorama indie nacional dando continuidade á programación paralela do festival, aproveitando distintos espazos da localidade dinamizando e ampliando a actividade na vila. Actividades alternativas, aderezadas coa mellor música en directo, e coa posibilidade de combinalo todo coa oferta gastronómica local. Unha nova edición do FIV que volve destacar nesta 15ª edición a importancia e o protagonismo de Vilalba.

## Vilalba xa loce novo mural

Vilalba estrea un novo mural na Travesía dos Castros pola prestixiosa artista Lula Goce, unha das mellores do mundo na especialidade de arte urbano. Ofrece unha representación cunha muller observando tras unha cortina e unha pelexa de galos, que segundo a creadora, á que o concello lle deu liberdade absoluta, representa o que ocorre no mundo actual e tamén é un guiño á Feira do Capón. A comunidade artística Street Art Cities vén de incluílo entre os dez máis destacados do mundo.



## Xa hai programa para a Feira do Queixo

Vilalba acollerá durante a primeira fin de semana de abril unha nova edición da Feira do Queixo da San Simón da Costa, unha feira que chega a súa vixesimo sexta edición.

Contarán con dous días de feira, o 2 e o 3 de abril, e desenvolverase na praza da Constitución, onde se colocarán os stands.

O programa dará comezo o sábado ás 12.30 horas cun showcooking a cargo de Xoanqui Ameixeiras na praza da Constitución e que terá un aforo limitado a 50 persoas. Ás 16.30



horas será o taller infantil de elaboración de queixos. Máis tarde, ás 18.00, haberá pasarrúas a cargo da Banda de Gaitas Mato Vizoso.

Xa ás 19.00 horas será a quenda

do pregón no templete da praza que nesta ocasión corre a cargo de Francisco Sineiro, profesor de Economía Agraria na Escola Superior de Enxeñaría de Lugo e investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

O domingo ás 11.00 horas os Buxos VErdes animarán á veciñanza coa súa música e ás 13.00 horas será a ocasión de bailar cos Festicultores. Ademais, durante toda a xornada poderá desfrutar dunha degustación gratuita nunha footruck.

## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

*20 Años a tu lado*

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874

Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.

Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993

www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es



Parking gratuito

## Proxectan a humanización da travesía Ferreiría

O Goberno local acometerá a renovación e humanización da travesía da Ferrería, que comunica e fai de eixe entre a rúa das Pedreiras e a rúa da Ferrería. A actuación consistirá en transformar a actual calzada nun espazo de plataforma única cun ancho medio de paso de vehículos de 3,30 metros, continuando cunha dirección única na rúa.

Para mellorar a imaxe da rúa, propónse o uso de adoquín de xunta verde no chan apto para o tráfico lixeiro, e adoquín convencional nas zonas máis próximas ás vivendas, creando unhas plataformas de zona limpa para o acceso ás mesmas. Ademais, aproveitando os quiebrós da rúa proxectaranse nas zonas máis abertas espazos de descanso coa incorporación de zonas verdes, árbores e asentos. Á marxe das obras, executarase na travesía da Ferrería novas instalacións de saneamento, alumeadado, abastecemento, gas natural e telecomunicacións.

## O CEIP Terra Chá inviste no consumo de leite e froita

O CEIP Terra Chá é un dos 223 colexios que participan neste curso no programa que busca incentivar entre os máis pequenos o consumo de leite e froita. No centro, o orzamento dirixido a esta función roldou os 1.800 euros, para que un total de 68 estudantes consuman froita en dous períodos de 10 días hábiles, e leite noutros dous períodos de 20 días hábiles neste caso no período de novembro a xuño durante o recreo. Os obxectivos xerais da iniciativa son potenciar o consumo e demanda dos produtos lácteos e das froitas.

# Licitan a construción do novo parque acuático na Madalena

O Concello de Vilalba sacou a licitación as obras de construción do novo parque acuático da Madalena.

O proxecto contempla 3 piscinas, un edificio de servizos semisoterrado na ladeira, e varias zonas para descansar e tomar o sol, así como unha rampla que servirá para conectar entre si a zona fluvial coa das piscinas. O orzamento dos traballos superará os 850.000 euros.

Contará con tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,55 metros e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros. No caso do vaso infantil, complementarase con surtidores de auga que potencien e estimulen os xogos nesa área.

Tamén contará cun edificio de servizos que estará semisoterrado nunha ladeira de tal xeito que a súa presenza non obstaculice as vistas ao río nin sexa obxecto disonante no enclave natural. Nesta infraestrutura integraranse os cambiadores, os aseos, a sala de socorrismo, un almacén e unha zona para recepción. Habrá tres zonas para tomar o sol, situadas a carón das piscinas.

A intención é que a transición dende a contorna da praia fluvial ao espazo propio das instalacións recreativas se conciba como un lugar único, integradas ambas zonas nunha soa. O proxecto tamén inclúe a construción dunha rampla que comunique a cota superior da plataforma coa da praza onde se dispoñen os servizos propios da praia.

Na zona sur, a parte arborada servirá como límite natural e como espazo de descanso de pavimento vexetal con zonas de sol e sombra, complementando os espazos de solarium que se prevén xunto ás piscinas.



## Convenio para as obras do saneamento e a EDAR



José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), e Elba Veleiro, alcaldesa de Vilalba, rubricaron o convenio de colaboración que posibilita realizar as obras de mellora do abastecemento e do saneamento do municipio.

O presente convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán a execución das obras e instalacións necesarias, a posta ao dispor dos terreos e o réxime da posterior entrega para o

mantemento e conservación das actuacións que se recollerán nos seguintes proxectos: mellora do saneamento e EDAR do municipio, a conexión do polígono industrial á EDAR, melloras técnicas nas ETAP de San Simón e Cañotas, así como, a renovación do sistema de saneamento e depuración en O Campo de Cristo. O investimento estimado supera os 3.250.000 euros, sufragados polo Estado, a través da CHMS, nun 80% e o 20% restante polo Concello.

## EN BREVE

**LANZÓS.** A parroquia de Lanzós volverá celebrar as súas festas patronais este ano, que están convocadas para os días 12 e 13 de marzo na honra a San Xosé. As actividades darán comezo o sábado coa celebración da misa solemne seguida da sesión vermú, que estará a cargo da orquestra Principal. Pola noite haberá verbena a cargo da mesma orquestra e de París de Noia. O domingo haberá tamén misa pola mañá e sesión vermú. O apartado musical estará a cargo da orquestra Principal de novo.

**CORBELLE.** A parroquia de Corbelle celebrará o día 19 de marzo as súas festas patronais na honra a San Xosé. As celebracións darán comezo ás 13.00 horas coa celebración da misa maior. Seguirá a sesión vermú a cargo do dúo Los Adrianos para rematar a xornada coa verbena na que estarán de novo Los Adrianos coa orquestra Los Satélites. Contarán co campo da festa cuberto para protexerse das inclemencias do tempo.

**VALENTINA.** A película *Valentina*, que vén de recibir o premio Goya oa mellor filme de animación proxectarase en Vilalba. O Concello é un dos patrocinadores deste proxecto cinematográfico dirixido por Chelo Loureiro, a quen recibirá nas próximas semanas no consistorio. O Concello de Vilalba ten previsto programar no futuro unha proxección no municipio, enfocada sobre todo ao público infantil.

**INVENTARIO DE CAMIÑOS.** Trala súa aprobación en Pleno do novo inventario de camiños municipais do Concello ábrese un período de dous meses de exposición pública. Neste tempo, o documento poderá ser examinado por calquera persoa nas dependencias municipais para que formule alegacións ou reclamacións no caso de consideralas pertinentes ou a través da web municipal.

### ESTUFAS PELLETS

**ESTUFA PELLET SUSY 7,5 KW MARFIL**  
970€ (IVA incluído)

**ESTUFA PELLET NEW MIKRO 8,2 KW MARFIL**  
1.180€ (IVA incluído)

### ROMPEDOR LEÑA ANOVA

**ELÉCTRICO REF. RLT12VH**  
925€ (IVA incluído)

Características:  
- Potencia: 12 Tn  
- Motor: 5 HP - 3500 W  
- Longitud corte: 520 mm  
- Ø máx. corte: 400 mm  
- Monofásico: 220 V  
- Peso: 150 kg  
- 2 posicións de traballo

### ROMPEDOR LEÑA ANOVA

**GASOLINA REF. RLT12GVH**  
965€ (IVA incluído)

Características:  
- Potencia: 12t  
- Motor: 7CV  
- Longitud de corte: 520 mm  
- Ø máx. de corte: 400 mm  
- Peso: 106 Kg  
- 3 posicións de traballo

**EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.**

**TENEMOS LOS MEJORES PRECIOS**

**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - [recambios@sesacar.com](mailto:recambios@sesacar.com)

\*Hasta final de existencias



## Mónica García, nova responsable do BNG

O Bloque Nacionalista Galego en Vilalba elixiu a través dun proceso democrático, participativo e asembleario a nova responsabilidade local da organización frontista, que ocupa Mónica García Souto, de 24 anos e graduada en Dereito. Actualmente traballa e oposita.

Mónica García destacou os obxectivos que se marca nesta nova andaina “os obxectivos en Vilalba son claros, Vilalba ten moito por gañar e todo por conseguir, polo que o BNG quere aumentar a capacidade organizativa e volver a contar con representación no Concello”.

## O PP considera prioritaria a ampliación do polígono

Os populares consideran “prioritario” avanzar no proceso de ampliación do polígono industrial de cara á implantación de empresas ou á ampliación das xa existentes de forma que xeren postos de traballo e, polo tanto, contribúan ao asentamento das familias e á dinamización da actividade comercial.

A voceira, Sandra Vázquez, incide en que “a creación de emprego é fundamental para o asentamento de poboación no noso municipio. O PP aposta por seguir atraendo empresas como as que se asentaron no momento da creación do polígono”. Tamén considera que “é necesario manter limpo o polígono; conservar as súas instalacións; e tamén políticas que favorezan a actividade empresarial no municipio”.

Vázquez lembra, neste sentido, que “dende o Grupo Municipal Popular levamos en numerosas ocasións ao pleno distintas iniciativas para que o Concello se adhira á iniciativa da Xunta e da Fegamp de Concellos Emprendedores Doing Business”. Así, “o Concello debería comprometerse a aplicar incentivos fiscais, simplificar os trámites e facilitar acceso a solo industrial”.

Por outra banda, esíxelle ao goberno “explicacións sobre a súa xestión nas obras de acondicionamento da praciña situada na esquena entre a rúa da Emigración e a rúa de Luis González Valdesuso” que se están a levar a cabo na actualidade. A popular cre que o Concello pode perder unha subvención da Deputación de máis de 43.800 euros.



## Rematan as obras na vía de acceso ao colexio de Román

A voceira do Grupo Municipal Popular de Vilalba, Sandra Vázquez, destaca “o apoio da Xunta para facer posible o arranxo do tramo entre o colexio de Román e a LU-P-6504, entre as parroquias de Román e Árbol”. A Xunta achegou 88.500 euros a través do Plan Marco 2021-2022 dirixido á mellora de pistas municipais de acceso a parcelas agrícolas.

“As pistas municipais atópanse en mal estado, pero o goberno local non ten interese en poñer solución a un atranco que viven a diario os veciños das parroquias ao ter que circular por pistas cheas de baches”. Así o manifesta Vázquez lembrando que “o goberno local do PSOE rexeitou no último pleno a proposta do Grupo Municipal Popular para reparar e manter as deterioradas pistas”.

A popular sinala que “tamén as estradas que dependen da Deputación presentan un importante deterioro, o que supón riscos para os usuarios”. Recentemente, os populares comprobaron o seu estado ao seu paso polo termo municipal vilalbés nunha visita na que o Grupo Provincial avanzou que reclamarán ao Goberno que preside Tomé o arranxo da LU-P 6504, que pasa pola parroquia de Carballido.

Vázquez incide en que “mentres a Xunta inviste no noso concello, a De-

putación non atende ás vías da súa titularidade en Vilalba coa complixidade do goberno local do mesmo partido que o que aspira a liderar Tomé, o presidente da Deputación e máximo responsable das estradas provinciais”.

Explican que unha vía en “pésimo estado” é a LU-P 6504 ao seu paso polo municipio de Vilalba, cuxa reparación demandarán os populares mediante un rogo, co fin de mellorar a seguridade vial. Os populares anuncian a presentación dunha moción para que a Deputación acometa a dixitalización da rede provincial de estradas utilizando tecnoloxía Building Information Modeling (BIM).

**BELESAR.** O PP de Vilalba sumouse á demanda dos veciños de Belesar para a construción dun pozo para dar subministro de auga á casa escola. “A casa escola de Belesar carece de subministro de auga, un servizo moi básico na actualidade, que resulta necesario para favorecer o uso desta infraestrutura de carácter social”, explica a voceira, Sandra Vázquez.

“Os veciños de Belesar tamén reclaman a apertura dunha vía municipal que une Aldea e Penarredonda. O anterior goberno do PP xa iniciara estes traballos polo que só sería continuálos”, indica Vázquez.

## Vilalba Aberta prepara unha batería de iniciativas para o pleno de marzo

Vilalba Aberta presentou durante o último mes unha serie de iniciativas para tratar no Pleno de marzo que culminaron coa proposta de que o Concello de Vilalba “contribúa dende o limitado das súas capacidades” na acollida e protección das persoas refuxiadas que foxen da guerra. Para isto porpoñen que se ofrezca para acollimento o edificio orixinalmente construído para albergar vivendas de profesores na rúa Cuart de Poblet xa que o inmoble conta con varias vivendas baleiras.

Logo dunha visita a San Xoán de Alba, a formación Vilalba Aberta quere dar resposta ás demandas dos veciños para o arranxo e limpeza de noiros no vial municipal coñecido

como Pista da Louseira. “O tramo, que conecta as parroquias de Alba, Torre e Insua, atópase nun estado evidente de degradación, polo que a solicitude de actuación exposta na proposición de Vilalba Aberta, redundaría nunha importante mellora da rede de comunicacións do rural vilalbés”, explican.

Tamén extraíron dunha visita a Belesar unha demanda veciñal para a apertura da pista que une os barrios de Aldea e Penarredonda.

“O tramo a habilitar (arredor de 900 metros) está actualmente inservible para o tráfico rodado, polo que a solicitude de actuación exposta na proposición de Vilalba Aberta, redundaría nunha notable mellora

das comunicacións nunha das parroquias máis grandes do Concello en termos de extensión”, indican.

Dende a formación municipalista, denuncian que teñen coñecemento de ata 27 peticións paralizadas, é dicir, que non obtiveron resposta aínda superando o prazo máximo que ten cada concelleiro ou departamento para emitir unha resolución desde que recibira a solicitude. Así, outras 9 reclamacións asignadas e repartidas entre as diferentes áreas do goberno están pendentes de resolución dentro do prazo, mais a escasos días de caducar. Así, todas elas serán levadas ao Pleno para a súa resposta por parte de Goberno local.

## Pásache á MEGA FIBRA DE ADAMO



Chama xa gratis ao  
**900 651 679**

Visítanos en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB  
con chamadas ilimitadas

Aforra  
**168€!**

**30** €/mes  
44€/mes

**Dto. durante 12 meses!**

**adamo**  
La mega fibra



A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 01/02/2022 ao 31/03/2022, ambos inclusive. Non combinable con outras promocións. Internet FAST! + móbil ilimitado 25 GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 30 €/mes, despois PPV total 44 €/mes. Ademais, por contratar móbil 25 GB, levas de agasallo 25 GB adicionais para sempre. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita á permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes de transcurrir 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35€ (IVE incluído) en concepto de permanencia. Liñas adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

## Aprobados os proxectos do POS por valor de dous millóns de euros

O Concello das Pontes aprobou os proxectos financiados pola Deputación da Coruña a través do Plan de Obras e Servizos (POS 2022) que suporán un investimento de 2.003.168 euros.

A achega da Deputación da Coruña inclúe tres partidas, unha de 416.456,44 euros correspondente á achega provincial do ano 2022, outra correspondente á achega do 2021 cunha contía de 470.313,69 euros e unha última partida de 1.116.389 euros correspondente ao POS Complementario 2022, que permitirán executar 15 proxectos que seguen a folia de ruta marcada polo goberno municipal para mellorar a calidade de vida da veciñanza e renovar e ampliar os servizos públicos do municipio.

A través da achega provincial 2022 para o financiamento e subministracións vanse levar a cabo tres actuacións entre as que se atopan a reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana (do número 76 ao número 99) cun orzamento de 147.774,48 euros, tamén se executará a reposición de servizos e pavimen-

tos na rúa Cabanas, proxecto valorado en 195.452,11 euros e levarase a cabo a pavimentación de viais na parroquia de San Xoán do Freixo (pista do Bidueiro e Camiño de Vilarmador), un orzamento de 73.229,85 euros.

Por outra banda, da asignación da achega do ano 2021 destinaranse 191.270 euros á mellora da pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado da marquesina existente á rúa Camelias, adicaranse 214.886,57 euros á mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Ortigueira (Fase II). Así mesmo investiranse 38.028 euros namellora do pavimento nos camiños de Alvarón, Marraxón e Casas Hermas.

**POS COMPLEMENTARIO.** O pleno municipal tamén aprobou o POS Complementario, que suporá un investimento de 1.116.389 euros euros que se destinarán a nove actuacións entre as que se atopan a mellora de servizos e seguridade viaria na marxe dereita da AC 564, ao seu paso por Goente, cun orzamento de 150.658 euros así como a creación dunha

pista multideporte no Poboado da Magdalena e a mellora da contorna, proxecto valorado en 181.427 euros. Destinarase así mesmo unha partida de 116.330 euros á renovación da pavimentación e mobiliario urbano na Avenida das Campeiras (Fase I)

Unha partida de 116.145 euros destinarase ao proxecto básico e de execución de renovación de pavimento e melloras de utilización na Rúa Real (1ª fase) e outra de 155.670 euros irá encamiñada á mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da rúa Rego do Muíño mentres que 103.134 euros irán destinados ao proxecto básico e de execución de mellora de servizos e pavimentos na Rúa A Balsa (fase 1ª).

Investiranse 34.389 euros na reparación e mellora do firme en Gondré e o Castro e procederase á reparación e mellora de firme nas Gañidoiras, O Vilar e Os Cadavás-Paipaz, traballos orzamentados en 134.944 euros. Ademais adicaranse 123.689 euros ao asfaltado dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal-A Louseira.

## Inician as melloras nun novo tramo da avenida da Habana



O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso acompañado do concelleiro de Obras, Pancho Franco, visitaron os traballos, iniciados esta semana, de reposición e servizos e pavimentos dunha nova fase na Avenida da Habana. O proxecto, cun orzamento de 92.880 euros e financiado pola Deputación da Coruña, permitirá mellorar os actuais servizos de iluminación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos da beirarrúas.

Así, executarase unha nova rede de recollida de augas pluviais sepa-

rativa, nas dúas marxes do viario, que irá dotada dos correspondentes sumidoiros e arquetas. As dúas liñas de augas pluviais conectaranse ás redes existentes, executadas na fase anterior, á altura da rúa Monfero. Por outra banda, sobre a rede de saneamento existente colocaranse arquetas de rexistro nas acometidas dos edificios nas dúas marxes da rúa.

Proxéctase igualmente o cambio do alumeadado público, a execución de novas beirarrúas, a dotación de mobiliario urbano e a reposición da sinalización.

Nin ela  
Nin el  
**NOS**  
somos  
feminismo





Visita do alcalde ao pavillón tralas obras

## As Pontes remata a renovación integral do pavillón Monte Caxado

O alcalde, Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de Deportes, Chicho Tembrás, e o concelleiro de Obras, Pancho Franco, visitaron o pavillón polideportivo Monte Caxado ao remate dos traballos de renovación integral do pavillón polideportivo Monte Caxado.

O proxecto valorado en 228.796,59 euros financiado, conxuntamente pola Deputación da Coruña e o Concello permitiu arehabilitación do tellado para mellorar a saúde e as condicións de illamento térmico de toda a edificación. Con tal fin, eliminouse o material de revestimento de fibra de cemento e o falso teito para substituílo por un panel sandwich, incorporando dous aireadores na dorsal da cuberta para mellorar a renovación do aire interior.

Ademais rehabilitouse gran parte da fachada para mellorar tamén as condicións de illamento térmico e sanitario do pavillón polideportivo así como a súa iluminación natural para o que se instalou un illamento interior coas mesmas características do tellado e, así mesmo, as follas de poliéster da fachada tamén se substituíron por outras de policarbonato compacto con tratamento de protección contra os raios UVA.

O proxecto incluíu a renovación do pavimento na pista, adaptado ás demandas das diferentes disciplinas deportivas que se practican nesta instalación. Deste xeito, dispúxose un pavimento deportivo de zona elástica para uso multiusos de interiores e de alta competición, axeitado para a práctica de fútbol sala, baloncesto e deportes sobre rodas como o patinaxe e o hóckei sobre patíns.

Substituíuse así mesmo, a iluminación da zona deportiva, trocando as lámpadas existentes por tecnoloxía LED para reducir o consumo de electricidade e mellorar a eficiencia enerxética e luz deste edificio.

O rexedor local lembrou que "está é unha obra moi necesaria, o pavillón foi construído a finais dos anos 80 e só sufriu rehabilitacións parciais, e necesitaba dunha actuación en profundidade para responder á demanda existente no Concello xa que nestas instalacións, ademais do uso do propio centro educativo, tamén se practican baloncesto, fútbol sala, patinaxe e outras actividades deportivas. Á espera de executar uns retoques finais, porase á disposición da veciñanza, na maior brevidade posible".

## Endesa recibe dous cargamentos de carbón e funcionará ata maio

A empresa eléctrica Endesa recibirá durante a segunda quincena do mes de marzo dous buques carboeiros na súa terminal do porto exterior de Caneliñas, en Ferrol, que tras desestibar a mercadoría será levada por estrada ata As Pontes, para a súa central térmica.

O complexo industrial está actualmente en reparación e o persoal propio e as compañías auxiliares teñen prorrogado o seu contrato ata o próximo 31 de maio.

Os buques transportarán nas súas adegas un total de 235.000 toneladas de carbón, repartidas en 70.000 nun dos barcos e os 165.000 restantes noutro.

A finais do pasado ano Endesa xa recibiu varios cargamentos de carbón para reactivar a central, que aínda así mantén o proxecto de peche. En outubro chegou o primeiro buque, con 80.000 toneladas, a mediados de novembro outro con 20.000 e xa en decembro arribaron



outras 77.000 toneladas. A térmica das Pontes reactivouse parcialmente o 22 de novembro de 2021 nun dos catro grupos.

**ALCOA.** Endesa e Alcoa asinaron un preacordo de subministración de enerxía 100% renovable por 10 anos para a planta de aluminio primario que a multinacional estadounidense ten en San Cibrao. A subministración empezará en 2024, data na que Alcoa prevé reiniciar a súa produción e arrincar as cubas de electrolisis despois de dous anos. O preacordo ofrece unha tarifa es-

table e competitiva e prevé a subministración de ata 1.349 GWh por cada un dos 10 anos, equivalentes a unha potencia en carga basee de 154 MW. Para asumir este compromiso, Endesa farao da forma máis sostible posible a través dos proxectos de enerxía eólica que a filial renovable da compañía, Enel Green, está a tramitar en Galicia e que xerarán máis de 900 MW de nova capacidade renovable, creando postos de traballo durante a súa construción e a empregabilidade dunhas 60 persoas para a súa operación e mantemento.



**UNIVERSIDADE SÉNIOR.** O Concello das Pontes inaugurou a cuarta edición do programa de Democratización do Coñecemento, promovido polo Concello das Pontes, a Universidade Sénior e o Vicerreitorado de Oferta Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña, no que participan medio centenar de ponteses e pontesas maiores de 50 anos.

## Recollida solidaria para Ucraína

Voluntarios das Pontes están a levar a cabo unha recollida de produtos para a poboación civil de Ucraína en colaboración coa Asociación Galega de Axuda a Ucrania. O punto de recollida é o taller ComeLuz Artista, situado na avenida da Habana.

Solicítase roupa e calzado, material de atención sanitaria, comida non perecedeira, produtos de hixiene, así como produtos necesarios para a supervivencia (sacos de durmir, mantas, chisqueiros e mistos, cordas, coitelos, mochilas, etc.



# VA

## VEIGUELA ABOGADOS

### TARJETAS REVOLVING ¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS,  
CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN  
DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

📍 veiguelabogados 📱 veiguela abogados

## Organizan un curso de defensa persoal e primeiros auxilios

As Pontes acollerá un novo seminario de defensa feminina o sábado 26 de marzo no pavillón polideportivo do IES Plurilingüe Castro da Uz. O seminario, de balde e que se desenvolverá en horario de mañá, permitirá ás mulleres aprender técnicas de autodefensa e protocolos de actuación no ámbito da defensa persoal, ensaiando estratexias e técnicas para defenderse ante unha posible situación de perigo, rompendo cos mecanismos que bloquean a imposibilitan a reacción así como nocións básicas sobre primeiros auxilios. As participantes, da man de expertos aprenderán a defenderse dunha agresión a nivel físico e psíquico. Tamén achegarán ás participantes aos primeiros auxilios, ofrecéndolles os coñecementos máis básicos para poder proporcionar unha asistencia eficaz ás persoas que se atopan nunha situación de emerxencia.

## Instalan 16 casiñas de libros

O Concello das Pontes, co obxectivo de continuar fomentando a lectura entre a veciñanza, vén de instalar 16 novas casiñas de libros no municipio. Un proxecto a través do que o goberno local quere promover o intercambio de libros mediante o sistema coñecido como "bookcrossing", unha práctica que consiste en liberar libros para que poidan ser atopados e leídos pola veciñanza.

Lorena Tenreiro, responsable de Medios Locais do Concello das Pontes, indica que "a través desta iniciativa tratamos de estender os servizos da Biblioteca Municipal Rivera Rouco á cidadanía, garantindo un acceso libre e de balde á cultura, fomentando a lectura en espazos comunitarios, nos que conflúen persoas de todas as idades, consolidando un proxecto que se puxo en marcha no ano 2018 e que permitiu incentivar a participación cidadá na cultura"

As casiñas, instaladas nas proximida-



des dos locais sociais das Asociacións Veciñais das parroquias pontesas e no Lago das Pontes, recibirán, nos próximos días, libros pertencentes ao fondo da Biblioteca Municipal Rivera Rouco.

Obras de literatura infantil, xuvenil,

novelas, libros de poesía, arte, ensaios ou clásicos que serán liberados para que calquera veciño ou veciña poida botar man deles, leelos, quedar con eles ou a libralos, deixándoos nas casiñas de libros para que poidan ser lidos por outras persoas.

## Anni B Sweet estará en abril nas Pontes

A cantante, compositora e músico malagueña Anni B Sweet ofrecerá un concerto no Auditorio Cinema Aлови das Pontes o 30 de abril ás 20:00 horas.


Anni B Sweet debutou no 2009 con apenas 18 anos. O seu folk melancólico e delicado colocouna na primeira liña nacional e dió o salto internacional. Tras anos de intensas xiras e 3 discos, a cantante foi evolucionando ata chegar a este cuarto álbum, que rompe de novo co que nos tiña afeitos. Con Universo por estrenar comeza unha nova etapa na carreira de Anni B Sweet na que alcanza un cume particularmente estimulante. Un gran cambio – ou un paso de gigante – respecto dos seus 3 álbums anteriores, pois está composto integramente en castelán e lánzase ao pop perfecto de retrostos infeciosos con toques de neopsicodelia. Unha marabilla dunha nosas artistas máis internacionais.

## Organizan a I Mostra de Teatro Amador

O Auditorio Municipal Cine Aлови das Pontes acollerá unha nova iniciativa cultural municipal, a primeira Mostra de Teatro Amador, que se desenvolve durante os sábados dos meses de marzo e abril, ás 20:00 horas.

Esta continuará o sábado, 12 de marzo será a quenda para o Grupo de Teatro Mariñán de Betanzos coa obra *O crime desorganizado*, unha comedia policíaca en dous actos; cun so decorado e cinco personaxes; un asasinato no primeiro acto e puro terror no segundo cun desenlace irónico e inesperado.

A asociación cultural Remocicarte de Puerto de Vega (Asturias) chegará o día 19 de marzo ás Pontes coa obra *100 m2, el inconveniente*, na



que, a partir dunha curiosa oferta de alugueiro, se desenvolve unha reflexión sobre a condición humana repleta de humor e dor.

O sábado 26 de marzo será a quenda para a obra *As troyanas* da compañía de teatro Noite Bohemia da Coruña, baseada na obra homónima de Eurípides e coa que a compañía obtivo o segundo

Premio Amateur Diputación da Coruña 2018 e o Primer Premio do Concurso Nacional de Teatro Clásico Grecolatino (2018) promovido polo Ministerio de Educación e Cultura.

O primeiro sábado do mes de abril, o público pontés poderá gozar coa obra *Olimpo's* de Farandoleiras Cabaret na que se misturan pequenas escenas de teatro con números musicais, desde una perspectiva crítica e actual, para amosar como viven e pensan as deusas e deuses dun hipotético e galego Olimpo e como inflúe a súa presenza nas persoas mortais. A mostra de teatro amador do Concello das Pontes rematará o sábado, 9 de abril co espectáculo *Animais de compañía* do grupo Farándula Velutina (Corcubián).

## Reabre o museo Monte Caxado con novas pezas

O Museo Etnográfico Monte Caxado das Pontes abriu de novo as súas portas ao público tras máis dun mes pechado ás visitas pola alta incidencia da covid no termo municipal.

Os responsables decidiron pechar este museo para evitar a expansión do virus e cando este estaba en apoxeo, a finais de decembro.

O museo recupera o seu horario habitual de martes a venres, de 18.00 a 19.30 horas e os sábados e os domingos de 11.30 a 13.00 horas.

Esta apertura faise cun novos engadidos, como na súa sección da Vella Escola, donde foi incluída unha mesa de mestre que foi cedida polo CEIP

San Francisco Javier da Coruña xunto con outras 50 pezas que completan un pouco máis o contido.

**CRONOVISIÓN.** A Fundación Museo Etnográfico Monte Caxado, con motivo do 3º aniversario da apertura das súas novas instalacións, organizou a exposición Cronovisión nas instalacións do museo.

Trátase dunha exposición de fotografías antigas da vila das Pontes que pode visitarse de martes a venres de 18:00 a 19:30 horas. Os sábados, domingos e festivos o horario será de de 11:30 a 13:00 horas e a entrada para todos é de balde.

### PROXECTOS DE MOBLES MODULARES

Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio

### MOBELRIAS

Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

**ASESÓRATE CON NÓS!** PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

## XORNADAS DO COCIDO

Todos os domingos de FEBREIRO A MARZO DEGUSTA O MELLOR COCIDO

**CASA ARAGATA**  
PENSIÓN • RESTAURANTE

Reservas en:

**TORRE PEDROUZOS 54 - VILALBA Tel.: 982 511 201 / 676 507 692**

# Capital galega do queixo e do pan

Friol lidera o 20 de marzo o retorno das grandes feiras gastronómicas de primavera no interior da provincia de Lugo

O Concello de Friol ten preparado un ambicioso programa de actividades para celebrar a 28ª edición da Feira do Queixo e Pan de Ousá de Friol, e que nesta ocasión adiantarase ás 9.30 horas a apertura da Feira, así podendo dispoñer de máis tempo para organizar e velar polo cumprimento dos protocolos.

Así, o vindeiro 20 de marzo Friol converterase un ano máis na capital galega do Queixo e do Pan. "Confío que entre todos conseguiremos que a nosa Feira rexurda de novo para que continúe sendo o maior escaparate turístico e gastronómico de Friol; que axuda a dinamizar de maneira vital a actividade económica local do Concello, especialmente o sector primario; e que se mantén como un dos nosos principais sinais de identidade como friolenses", dixo o rexedor friolense José A. Santos.

Este ano reordenan a ubicación dos espazos interiores para cumprir coas distancias de seguridade e as normas establecidas polas autoridades sanitarias e reforzan os protocolos de sanidade, seguridade, limpeza e desinfección, sempre velando



Acto de presentación da Feira con José A. Santos, alcalde; Ángeles Buján, concelleira de Cultura, e Julio Cortiña, concelleiro de Obras; e o cartel anunciador

pola seguridade dos nosos expositores e visitantes.

O Queixo de Friol e o Pan de Ousá son dous produtos totalmente artesanais. Ambos están elaborados coas mellores materias primas do Municipio, e contan cun elemento fundamental para conseguir a calidade pola que se caracterizan, que é "o cariño que as nosas queixeiras e os nosos panadeiros e panadeiras amosan no momento da súa elaboración", dixo Santos.

Este ano contarán con preto de 90 queixeiras que expoñerán unhas 14.000 pezas de queixos e tamén haberá 5 panaderías de Ousá presentando os seus produtos e cunha previsión de máis de 4.000 pezas de pan expostas. O eixo principal da Feira volverá situarse nunha grande carpa ubicada na praza Andón Cebreiro para a exposición dos produtos xunto a ela se situará o stand municipal onde a partires das 13.00 horas ofrecerase un

viño e unha degustación gratuita de queixo de Friol e pan de Ousá.

Arredor da carpa instalaranse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do Municipio, nesta edición ubicados en stands independentes e sen contacto entre expositores. E na praza Rosalía de Castro estarán expostos produtos de diferentes sectores, como por exemplo artesanía, textil, distintos tipos de

viños, sidras ou licores.

As rúas Deputación e Santa Isabel permanecerán pechadas ao tráfico, dado que estarán destinadas á montaxe de polberías e de tendas ambulantes e Como en anos anteriores, todos estes stands non terán que pagar ningún tipo de taxa Municipal. Hai dous anos a Feira do Queixo foi suspendida no último momento xa que estaba programada para unha semana despois do confinamento.





# Un programa a medida pola situación sanitaria

**UBICACIÓN.** O eixo principal volverá situarse nunha grande carpa ubicada na praza Andón Cebreiro para a exposición dos produtos e xunto a ela se situará o stand municipal onde a partir das 13.00 horas ofrecerase unha degustación gratuíta de queixo de Friol e pan de Ousá. Arredor da carpa instalaranse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do Municipio, nesta edición ubicados en stands independentes e sen contacto entre expositores. E na praza Rosalía de Castro estarán expostos produtos de diferentes sectores, como por exemplo artesanía, textil, distintos tipos de viños, sidras ou licores.



**PREVISIÓN.** Teñen unha previsión de participación similar á das últimas edicións, é dicir, arredor a 90 queixeiros e as 5 panaderías de Ousá estarán presentes na feira expoñendo os seus produtos. A parte haberá expositores fora da carpa con 'jaimas' individualizadas expoñendo os diferentes produtos agroalimentarios do municipio. En canto á previsión de afluencia de público estiman que pode ser un ano récord nese sentido, dado que a xente está desexando volver a celebrar esta festa, que é o evento máis importante de Friol. Se as condicións climatolóxicas acompañan, estímase que pode ser un dos anos con maior afluencia de público, en torno a vinte ou

vintecinco mil persoas.

**MERCADO ACTUAL.** A día de hoxe o queixo de Friol e o pan de Ousá son produtos xa consolidados no mercado, que camiñan sós, pero evidentemente a Feira é unha grande potenciadora que repercute na súa difusión, co cal tamén

axuda a promocionar o sector primario, que é moi importante para este municipio.

**COVID.** Este ano adáptase a feira aos novos tempos por iso o interior da carpa cambia por completo o formato dos stands, pois serán postos independentes e se-

parados para cada expositor. Así mesmo cámbiase o formato no exterior da carpa cunha serie de stands independentes en diferentes zonas da praza. "Perdemos a interacción e cercanía que sempre tivo a feira, pero gañamos distancia de seguridade entre os participantes", di o rexedor friolense.

**PREZOS.** Os prezos máis ou menos continuarán nas cifras de edicións anteriores, aínda que é certo que pode haber unha pequena alza posto que o custe da materia prima para a alimentación do gando subeu moito e ten que repercutir inevitablemente no produto final no caso do queixo. O mesmo ocorre no caso da elaboración do pan, xa que os custes de produción tamén se dispararon neste último ano. Estímase que un queixo fresco de un quilo pode andar polos 6 euros, 8 euros o semicurado e un queixo curado en torno a 10 euros. O prezo do quilo de pan estará entre 2,40 e 2,50 euros.

**FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO.** Segundo comenta o alcalde José A. Santos "cónstame que está a punto de ser declarada Festa de Interese Turístico Galego. Os informes son todos favorables e só estamos á espera de que a Xunta de Galicia convoque a Comisión de Turismo para incorporala na orde do día e que se proceda á súa votación, un feito que esperamos que se poida dar nas vindeiras semanas".

## PROGRAMA

- Ás 9.30 comezará a Feira co tradicional lanzamento de foguetes.
- Ás 10.00 horas asignaranse os stands ás queixeiros e panaderías que participen.
- Ás 11.00 horas será a apertura da Feira co simbólico corte de cinta, que nesta ano correrá a cargo dun panadeiro.
- Durante a mañá haberá actuacións de pasarrúas, charangas e cantos de taberna polas rúas do Concello. Este ano participarán a Xesta Verde de Friol e Cantos de Taberna Son Outeiro.
- Ás 19.00 horas celebrárase un concerto folk no salón de actos do centro sociocultural de Friol, e que este ano corre a cargo de Airiños da Freba e previsiblemente prolongúese ata as 20.30 horas.
- Ás 22.30 horas comezará a romaría amenizada pola a orquestra Los Satélites e que rematará sobre as 2.00 da madrugada.
- O recinto feiral contará coa tradicional carpa na que se reordenarán os postos interiores e se cumpriran as distancias de seguridade e normas establecidas polas autoridades sanitarias.

**AUTOMÓVILES**  
**Taller AURELIO**  
**JAVIER RODRÍGUEZ CAMPO**  
 Avda. de Lugo s/n FRIOL (Lugo) Telf/Fax: 982 375 202 Móvil: 610 025 833

**100% GALEGO**  
  
**100% ECOLÓXICO**  
**ECOTENDA - CARNICERÍA**  
 POL. EMPRESARIAL PAR 55 FRIOL - LUGO  
**982 042 003**  
 TRALOAGRO.ES

suministros **Viñal** FRIOL-LUGO  
  
 José Antonio Viña Carreira  
 Avda. Santiago, 33 27220 - FRIOL - Lugo  
 ☎ 609 07 16 76 · 982 37 52 82

- ☐ CEREALES
- ☐ FERTILIZANTES
- ☐ SEMILLAS
- ☐ FITOSANITARIOS
- ☐ PAJA - ALFALFA
- ☐ POLLOS - PONEDORAS

**FERRETERÍA - ELECTRODOMÉSTICOS - BAZAR**  
  
**CASA TERRÓN**  
 dende 1916  
  
 Praza da Ponte, 2 Friol - Lugo / 982 375 015 / casaterron@yahoo.es / www.casaterron.com

**TALLERES IGLESIAS**  
 Polígono Industrial a Gándara Parcela, Nº4 FRIOL - Lugo Tño.: 982 166 871 - 669 398 491 talleresiglesiasfriol@gmail.com

- RECAMBIOS NEUMÁTICOS ELECTRICIDAD**
- MAQUINARÍA AGRÍCOLA TORNILLERÍA**
- MAQUINARÍA JARDINERÍA**
- DISTRIBUIDOR OFICIAL DE **ALNOVA**

## Melloran as pistas forestais e os cortalumes

O Servizo de prevención e defensa contra os incendios de Galicia vén de realizar obras preventivas en montes de xestión pública de Friol, cun orzamento de 75.296 euros. As actuacións centráronse na creación e mellora de cortalumes e faixas auxiliares, así como na construción e arranxo de pistas forestais e pasos de auga -moitas delas en zonas de alto risco de lume (ZAR)- co obxecto de reforzar a anticipación aos incendios. En concreto, os traballadores rozaron faixas auxiliares e pistas para retirar matogueira de diversas alturas e densidades, nalgúns casos, permitindo de novo a circulación. Esta acción posibilitou xerar discontinuidades que faciliten atallar eventuais lumes forestais, así como garantir o tránsito polo monte dos medios de prevención e extinción. Estes labores executáronse nas parroquias de Guimarei, Lamas, Silvela, Os Condes, Ramelle, Vilafiz, Prado, Xía, Nodar e Anafreita, acadando as 124 hectáreas de superficie rozada. Nas parroquias de Anafreita e Nodar actuouse en máis de 9 quilómetros de pistas, aumentando o seu grosor, compactándoas e traballando con motoniveladora coa finalidade de facilitar o acceso, así como colocando pasos de auga onde foi necesario. Todas estas obras enmárcanse no Plan de prevención de incendios forestais da Consellería do Medio Rural que actuou o ano pasado en máis de 58.000 hectáreas de territorio e nuns 5.000 quilómetros de pistas.

# Friol acollerá unha planta de biocombustible de Greenway

O Grupo industrial Greenway investirá 62 millóns de euros na construción dunha planta de biocombustibles no municipio de Friol. A planta de produción de biocombustibles de segunda xeración (bio- GNL biohidrógeno), biofertilizantes e BIO-CO<sub>2</sub>, a partir de subprodutos da actividade agrícola e gandeira da zona, creará 92 postos de traballo directos e 65 indirectos.

O municipio de Friol será o que albergue unha das tres plantas que xa teñen iniciados os trámites, dentro de Galicia. As outras dúas situaranse nos municipios de Xinzo de Limia e Agolada. Greenway ten prevista a construción de polo menos 10 nos próximos 10 anos.

Esta planta situarase nunha superficie de 120.000 m<sup>2</sup>, dos cales se construírán uns 60.000 m<sup>2</sup>, e a restante serán zonas verdes. Estas parcelas están situadas aproximadamente á altura do punto quilométrico 51,200 da estrada CP 16-11, que une Friol con Begonte.

En todas as plantas espérase unha produción anual de polo menos 3000 m<sup>3</sup> de gas biometano, con entrada dun millón de toneladas de subprodutos ao ano. Nese sentido, tense en conta que as plantas, dado o potencial de subministración de materia prima da zona, atópanse entre as máis grandes de Europa, o que permitirá ás zonas de implantación posicionarse como importantes pro-



dutores de enerxía verde e minorar a dependencia enerxética.

Grupo Greenway Bioprocesos impulsa actualmente en varias zonas da xeografía nacional unha iniciativa para a construción de plantas de produción de gas biometano e outros derivados (bio- GNL; hidróxeno verde; biofertilizantes...), a partir do procesado de subprodutos das industrias gandeira e agroalimentaria, e de determinados biocultivos a producir nas zonas de implantación.

Cada localización está seleccionada pola especial concentración de industrias gandeiras e agroalimentarias considerando varios factores como a cobertura ás industrias gandeira e agroalimentaria para a adaptación ás novas normativas reguladoras do adecuado tratamento dos seus subprodutos, e incremento da súa competitividade; a produción de biocombustibles, que contribuirán a

substituír aos combustibles de orixe fósil, e a diminuír a dependencia enerxética do exterior; a produción de biofertilizantes (presente e futuro da agricultura), que melloran aos fertilizantes químicos e os problemas que derivan da súa aplicación (saturación de nitratos nas terras, contaminación de acuíferos...); a creación nas zonas de implantación, dun determinado volume de agricultura para a produción de biocultivos, cuxas características serán a sustentabilidade, estabilidade e equidade; e a creación de emprego directo e indirecto de calidade, incluíndo iso a fixación de habitantes en contornas rurais con especial risco de despoboamento.

Espérase que en abril poidan presentar o proxecto na Xunta de Galicia para que se emitan os correspondentes informes e poder así comezar as obras canto antes.

## Comeza a nova parcelación de San Xoán de Seoane de Pregación

A Consellería do Medio Rural iniciará os traballos na nova parcelaría de San Xoán de Seoane de Pregación, situada no concello de Friol, ao longo do primeiro semestre deste ano 2022.

Esta parcelaría, decretada o pasado ano mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemente os seus custos de produción. Así, actuarase na reestruturación de 402 hectáreas de superficie propiedade de 93 veciños. Neste senso, cabe sinalar que este proceso foi solicitado polo Goberno local, apoiado polos titulares das 12 explotacións da zona.

## As obras obrigan a cortar o tráfico na estrada a Palas

As obras da primeira fase de mellora da estrada autonómica LU-231 entre Friol e Palas de Rei fixeron necesario un corte de tráfico dende martes, día 8. Este peche, que se prolongará ata o 23 de maio, ten como obxectivo avanzar nos traballos de acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231: 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo. Máis en concreto, o corte do tráfico realizarase no tramo da estrada LU-231 comprendido entre os puntos quilométricos 2+100 e 7+400. Para facilitar a circulación dos vehículos habilitarase os correspondentes desvíos a Palas de Rei e Friol pola estrada provincial DP-1611.

O tránsito estará permitido aos residentes e propietarios de negocios ou leiras, salvo entre os puntos quilométricos 5+250 e 5+600, onde a actuación a calzada completa sobre unha estrutura, que se debe demoler e ampliar, obriga a impedir o paso.

**Manuel López Lodeiro**  
DISTRIBUIDOR



ABONOS • CEREALES • SEMILLAS Y VINOS

Ramón y Cajal, 7. Teléfono 982 375 006. FRIOL (LUGO)

CHAPA - PINTURA CLIMATIZACIÓN - MECÁNICA  
NEUMÁTICOS - LUNAS - SERVICIO DE GRÚA

Presupuesto sin compromiso



**Rocho Automoción**

Tel.: 616 054 190  
982 375 022  
982 312 321

Alda. de Lugo, s/n 27220 Friol - Lugo  
C/Rosalía de Castro, 168, 27120 Castroverde - Lugo  
www.rochoautomocion.es • info@rochoautomocion.es

**REPARACIONES**

- PORTÁTILES
- TABLETS
- ELECTRODOMÉSTICOS
- TV
- ORDENADORES
- MÓVILES

SERVICIO TÉCNICO  
**PABLO**

Tel.: 699 382 794 Pablo.satfriol@gmail.com

Avenida da Coruña, 21 - 27220 FRIOL - LUGO



**Ampla experiencia no sector agrario**

**DIEGO CORTIÑA LÓPEZ**

**W NANTA**

Rosalía de Castro, 9  
27220, Friol (Lugo)  
friol@agrobotica.com

Tfno.: 982 375 327  
Móvil 616 202 624



**Javier Núñez Brao**  
Móvil: 699 059 791

Tlf: 982 18 25 01  
Polígono Industrial A Gándara parcela 8. 27220 Friol, Lugo  
e-mail: electromecanicounestbrao@gmail.com

# Volve o Máster de Fútbolín

Confirmada unha nova edición do Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que neste ano chega a viséximo terceira edición e celebrárase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente o 14, 15 e 16, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

No torneo, que reparte uns 10.000 euros en premios, e participarán previsiblemente máis de 300 parellas e as inscricións custarán 25 euros por persoa, e pecharán o día 13 ás 14.00 horas.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase no pavillón do colexio, e nas cafeterías Papyrus e Os Castro.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá un total de 10.000 euros en premios. Os de movemento e en parado estarán dotados cun premio de 1.200 euros e trofeo. O resto de premios, ata un total de 228, oscilarán entre os 700 e os 25 euros.

Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán co trofeo Alejan-



dro Finisterre, para o xogador máis regular, o trofeo Concellería de Deportes para o mellor xogador, o trofeo Concello de Rábade para á mellor xogadora e o trofeo David García, para o mellor porteiro.

O mércores 13 de abril darase o pistoletazo de saída coa presentación do evento ás 12.00 horas e o sorteo de equipos ás 15.00 horas. E as competicións iniciaranse o xoves 14 a partir das 17.30 horas coa modalidade parellas cegas.

O venres 15 será o día adicado ás modalidades en parado e feminina e darán comezo ás 11.00 horas e ás 16.00 respectivamente.

O sábado 16 ás 10.00 horas será a quenda da de movemento e as finais xogaranse a partir das 21.00 horas para poder entregar os trofeos ás 23.00 horas.

**TURISMO.** Este evento é para Rábade un impulsor da economía da zona durante a Semana Santa xa que trae para o concello un gran número de turistas, que aproveitan os días festivos para pasar as vacacións coa familia na zona. De feito, veñen parellas de afeccionados de todas as partes do territorio español. Para todos o prezo de inscrición é de 25 euros por persoa.

## Rábade elimina as taxas das terrazas durante este ano

O pleno do Concello de Rábade acordou a modificación das taxas pola ocupación de terreos de uso público para os hostaleiros co obxectivo de favorecer ao sector, que estarán exentos de abonar este canon durante o ano en curso.

A medida aplicarase ata o remate do ano de forma inicial e ten efectos dende o día 1 de xaneiro.

**CONTRATO DE LIMPEZA.** O Concello procedeu tamén á adxudicación do

servizo de conserxería, coordinación de actividades deportivas e limpeza do pavillón polideportivo municipal á empresa Sonaga Management por 33.590 euros.

O contrato ten unha duración de dous anos e é prorrogable por outros dous. As instalacións do pavillón estarán abertas ao público durante os doce meses do ano con horario de 17.00 a 23.00 horas de luns a venres e os sábados de 10.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas.

## Continúa a programación vinculada ao Día da Muller

Rábade en Igualdade continúa coa súa programación na promoción da igualdade dentro da comunidade.

Este ano 2022, e dentro das actividades enmarcada no 8 de marzo, Día Internacional da Muller lévanse a cabo unha serie de actividades que teñen como finalidade promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, nenas e nenos.

A última cita do programa serán o obradoiros de promoción da igualdade e aportación de libros coeducativos, na semana do 30 de marzo que se realizará no CEIP Otero Pedrayo, obradoiros dirixidos ao alumnado de infantil e primaria onde se abordarán a través dos contos e os xogos os estereotipos e roles de xénero existentes aínda na sociedade.

# FEIRA DO QUEIXO E PAN DE OUSÁ



**DIA: 20-03-2022**

**HORA: 12:00 H**

**PULPADA, CHURRASCADA  
Y SESIÓN VERMUT**

**TANIA Y SU ACORDEÓN**



**PULPERÍA  
MARÍA  
LUIS  
CHURRASQUERÍA**

**CAFÉ BAR**



**FÓRMULA DOS**

**(LA GASOLINERA)**

**FRIOL**

## San Martiño de Pino inicia un taller de costura os sábados

A asociación San Martiño de Pino deu comezo a un taller de costura que se desenvolverá todos os sábados cumprindo coas medidas hixiénico-sanitarias viventes.

As sesións terán lugar entre as 17.00 e as 19.00 horas e nelas aprenderase a realizar arranxos na roupa e tamén a elaborar modelos a medida e complementos, así como traxes medievais. Os interesados en anotarse, que teñen xa o prazo aberto, terán que abonar 10 euros ao mes se son socios e 20 se non o son. Tamén impartirase clases de iniciación á música, canto e baile tradicional, que terán lugar os mércores de 17.30 a 18.30 horas con data de inicio o 6 de outubro. O prezo desta actividade será de 15 euros para socios do colectivo e 17 para os que non o son.

## Obradoiro de primeiros auxilios

Muimenta acolle un obradoiro de primeiros auxilios dirixido á poboación en xeral que terá lugar na casa da cultura desta localidade o 26 de marzo de 10.00 a 14.00 horas. Os obxectivos do curso céntranse en adquirir coñecementos básicos sobre o manexo de situacións que requiran actuación de primeiros auxilios básicos e en aclarar dúbidas referentes os primeiros auxilios. A docencia estará ao cargo de Marta Fernández López, enfermeira asistencial da Base de Lugo do 061 Galicia.

As inscricións poden realizarse no establecemento Desexos de Muimenta ou coa Asociación de Empresarios, organizadora do curso.

# “Gustaríanos retomar poxas independentes ás datas da Moexmu”

**José Manuel Rus, coordinador da feira de Muimenta, avanza algunhas das novas da edición**

A primeira fin de semana de abril o recinto feiral de Muimenta recupera a celebración do seu buque insignia, a Moexmu, a feira exposición agrícola e gandeira por excelencia, que ten cita tras dous anos sen celebrarse pola covid. Dende a organización traballan arreo para que esta edición sexa aínda mellor que as anteriores. José Manuel Rus, coordinador da Moexmu, avanza algunhas das novas que os esperan.

**Con que perspectivas se reanuda a Moexmu tras dous anos de parón?**

Volvemos coas ilusións intactas e con moito traballo. A verdade é que dous anos de parón nótanse (aunque no ano 2020 se suspendeu a pouco máis de 15 días da súa inauguración), pero a nivel mantemento do recinto feiral, nótase moito este parón; estamos a traballar para ter todo preparado para o vindeiro primeiro de abril.

**Que novidades terá esta edición? Que nos pode avanzar do que nos espera?**

Podar sacar adiante o Concurso Autonómico de Gando Frisión Fefriga-2022, que alcanza a súa XXX edición, e que se ía a celebrar no ano 2.020, é a gran novidade do programa desta edición. Mantemos actividades de éxito doutras edicións, como o Can de Palleiro. Estamos a pechar o programa de actividades e algunha se podrá ver modificada para adaptarse ás condicións sanitarias.

**Engaden este novo concurso, Fefriga-2022, como xurde a idea desta incorporación?**

Pois foi en conversas con Fefriga e Africor Lugo. Sen lugar a dúbidas é un gran respaldo ao traballo que os empresarios de Muimenta en particular e a veciñanza de Muimenta en xeral levan a cabo dende mediados dos anos oitenta para sacar adiante tanto a Moexmu e as actividades que levan unidas.

**Que consecuencias tivo a covid?**

Dous anos de parón tanto na Moexmu como na Filloa nótanse, aínda que a última levouse a cabo nas redes, nótase no pobo a súa cancelación. O traballo nesta edición está a ser máis intenso.

**Que obxectivos de participación teñen para este ano?**

Ata a data a resposta da xente está a ser positiva, preguntar para voltar



José Manuel Rus, coordinador da Moexmu

a participar, tanto gandeirías, como expositores en xeral...

**Que implica organizar un evento destas características?**

Moito traballo e moitas horas da vida persoal de cada un dos membros da comisión organizadora. Adicamos sempre parte do tempo do noso lecer, ou que lle adicamos tanto as nosas familias como aos nosas amizades.

**Trabállase todo o ano para a súa organización. Que pasos hai que dar?**

Moitos, dende todo o papeleo ante Medio Rural para os permisos do concurso, idem coa Consellería de Medio Ambiente para o tema do Can de Palleiro, así como outras xestións

ante o Concello de Cospeito, Deputación de Lugo, patrocinadores, etc.

**Cal é o rasgo que define á Moexmu?**

O concurso de gando é a súa peza fundamental, aunque non é a única.

**Que lle aporta a Muimenta e Muimenta á Moexmu?**

Ambas van unidas dende fai moito anos, están tan relacionadas que non se poden separar.

**De cara ao futuro, cales son os proxectos que se teñen?**

A curto prazo, a reestruturación das comisións organizadoras para darlle cabida aos novos empresarios de Muimenta. Aínda que tamén, noutra faceta, gustaríanos retomar poxas de carácter independente ás datas da Moexmu.

**Que necesidades ou carencias ten agora mesmo a Moexmu?**

O máis urxente a nivel carencias sería aplicar melloras no recinto feiral Manuel Vila que é outras das necesidades urxentes que se teñen que levar a cabo, máis cedo que tarde.

**Con que apoios contan?**

Contamos son apoios continous do Concello de Cospeito, Deputación de Lugo, Xunta de Galicia, Progado, De Heus, Abanca e Empresarios de Muimenta.



**Pack Familia**  
Internet  
**Fibra Óptica 600Mbps**  
2 liñas móbiles  
chamadas **ilimitadas**  
**24Gb de Datos**  
Teléfono Fijo  
Televisión  
**59€**  
\*Engade máis liñas móbiles desde 6,90€

**Pack Económico**  
Internet  
**Fibra Óptica 100Mbps**  
1 liña móbil  
chamadas **ilimitadas**  
**15Gb de Datos**  
**35€**  
\*Engade máis liñas móbiles desde 6,90€



**INTERNET MÓBIL FIXO TV**

**INFOPAR, Distribuidor Autorizado ITS**  
C/ Calvario, 52-54 Baixo, 27800 Vilalba (Lugo). Tel: 982 887 421  
info@infopar.es / www.its.gal

Prezos finais con IVE incluído. Chamadas ilimitadas con uso razoable, máximo 3000 min/mes ou 150 destinos distintos. O servizo de teléfono fijo inclúe 500 minutos de chamadas a fijos e 60 minutos a móbiles. pack TV inclúe 80 canais en aberto, pódense vincular ata 3 dispositivos e dispón de 60 horas de gravacións en 30 días. Alta gratis suxeita a permanencia de 12 meses. Se o cliente solicita a rescisión dos servizos ou se dá de baixa antes dos 12 meses de permanencia, terá unha penalización máxima por incumprimento de 120€ (IVE incluído).

## 208 cabezas de gando estarán en Muimenta no concurso Fefriga



Un total de 208 cabezas de gando están xa inscritas para a celebración do XXX Concurso Autonómico de Raza Frisona Fefriga 2022, que se celebrará este ano dentro da XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, tal e como subliñaron dende a comisión organizadora.

Para a organización, o XXX Concurso Autonómico de Raza Frisona Fefriga 2022 "constitúe un verdadeiro respaldo ás actividades que dende o 1987, ano da celebración do primeiro Concurso de Gando na Mostra Exposición Muimenta, levan a cabo os empresarios de Muimenta, a través das comisión

da Moexmu", explican dende a organización.

A efectos do concurso autonómico sólo poden participar animais nados en Galicia e propiedade de ganderías galegas. A maioría delas son de Lugo, A Coruña e Pontevedra.

A data para a seguinte edición de Moexmu será os días 1, 2 e 3 de abril de 2022, acadando a XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXVI Concurso de Gando Frisón, a XXXVI Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVI Poxa de Gando Selecto.

Igualmente, a comisión organizadora da Moexmu consolida o seu

programa de actividades para o domingo 3 de abril, a partires das 16:30 horas co IV Campionato de raza Can de Palleiro, no propio Recinto Feiral Manuel Vila López de Muimenta.

Dito concurso está reservado para os cans da mencionada raza, inscritos no Libro de Oríxenes da Xunta de Galicia e maiores de tres meses. O mesmo é puntuable para o XVI Monográfico de raza Can de Palleiro 2022.

Para apuntarse, debe dirixirse ao enderezo electrónico: [candepalleiro@clubcandepalleiro.com](mailto:candepalleiro@clubcandepalleiro.com) e obter información na súa páxina web ([www.clubcandepalleiro.com](http://www.clubcandepalleiro.com)).

## Os carteis volven ser obra de Paula Francos



A Comisión organizadora da XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, presentou xa os carteis da edición deste ano, que se recupera despois do parón provocado pola pandemia da covid que obrigou a suspender dúas edicións.

A data prevista para a seguinte edición será os días 1, 2 e 3 de abril de 2022, acadando a XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta, o XXXVI Concurso de Gando Frisón, a XXXVI Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXVI Poxa de Gando Selecto. Unha edición máis, Paula Francos Anllo, volve a ser a autora dos carteis da Moexmu e do Concurso de Gando. A autora quere darlle vital importancia á unión, á colaboración, aos

esforzos de voltar a xuntarse, sendo representada a través da letra "M", tanto de Muimenta (con persoas) como de Moexmu (con gando).

O cartel da Moexmu, a "M" fórmase coa unión de diferentes persoas que traballan e desfrutan xuntas para que a Mostra Exposición de Muimenta sexa posible: artesáns, gandeiros, expositores, grandes e pequenos, veciños e veciñas...

Mentras que o cartel do Gando, a "M" fórmase pola unión de todas as cabezas de gando participantes no concurso, exposición e poxa; destacando así a importancia da participación máis aló de quen sexa a gañadora, xa que sen os participantes, os concursos non serían posibles nin terían sentido.

### 28 FEIRA do QUEIXO de Friol & PAN de Ousá

PROGRAMACIÓN 2022

- 09:30h** Empeza a Feira con foguetes
- 10:00h** Asignación de stands
- 11:00h** Apertura da FEIRA
  - Pasarrúas
  - 'Xesta Verde' de Friol
  - Cantos de Taberna
  - 'San Outeiro' de Outeiro de Rei
- 19:00h** Concerto Folk
  - Airiños da Freba
  - (Centro Sociocultural de Friol)
- 22:30h** Romaría
  - Orquestra Los Satélites
- 01:30h** Remate
  - "XXVIII Feira do Queixo e Pan de Ousá"

> O recinto feiral contará coa tradicional carpa na que se reordenarán os postos interiores e se cumprirán as distancias de seguridade e normas establecidas polas autoridades sanitarias



## FRIOL

20 MARZO 2022

### 28 FEIRA do QUEIXO de Friol & PAN de Ousá







## Alumnos do Lagostelle gañan un dos premios do concurso do 8M

Alumnos de Guitiriz fixéronse cun dos primeiros premios do concurso de deseño do cartel do día 8 de marzo organizado pola Xunta co gallo da celebración do Día Internacional da Muller e no que participou alumna de Educación Infantil, Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e de Bacharelato e Formación Profesional cun total de 57 propostas de centros educativos de Galicia.

O xurado -integrado por representantes da Xunta, da CRTVG, do Colexio Profesional de Xornalistas e das axencias de publicidade; e presidido pola secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella- trasladou unha valoración positiva da participación, a pesares das circunstancias derivadas da pandemia.

Na primeira categoría -dirixida ao alumnado de Infantil e de 1º a 4º de Primaria-, o xurado premiou a proposta dos alumnos de 1º de Primaria do CEIP plurilingüe Lagostelle de Guitiriz, que incluíu o lema *A igualdade está na túa man*.

## A ITV móbil agrícola estará na vila en abril

A unidade móbil da ITV está entre os días 7 e 8 de abril en Guitiriz para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no polígono industrial de Guitiriz.

As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas o primeiro día e o segundo só en horario de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## A Aula Mentor organiza cursos para o profesorado

A Aula Mentor, situada no Telecentro, convoca os cursos de formación en liña dirixidos ao profesorado, que permiten inscribir os certificados no Rexistro de Formación do Profesorado do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O prazo para anotarse a calquera das opcións está aberto, a ensinanza será levarase a cabo de xeito telemático e os exames serán presenciais nos meses de abril, xuño e outubro deste ano 2022. O funcionamento, as condicións, os prezos e as normas dos cursos desta convocatoria seguen o mesmo procedemento que o resto da Aula Mentor.

Os docentes terán as seguintes opcións: GIMP; Photoshop Básico; Deseño en 3D con Sketchup inicial; Crea á túa web con WordPress; Modulación da voz; Linguaxe de signos A1; Educación infantil; Técnicas de estudo; Familia, Escola e



Convivencia; Ferramentas para o aprendizaxe en Educación Formal e Non Formal; Coaching e liderado persoal; Redes sociais para PEMES; Orientación profesional e busca de emprego; Comunicación efectiva e traballo en equipo; Promoción e comercialización de produtos e servizos turísticos locais; Iniciación á musicoterapia; Fotografía dixital, Adobe Illustrator e Adobe Indesign.

Ofrecen máis información na Aula Mentor do Telecentro, no teléfono 982 370 062 ou no correo electrónico [guitiriz@aulamentor.es](mailto:guitiriz@aulamentor.es).



**MURAL.** O CEIP Lagostelle de Guitiriz festexou o día dedicado a Rosalía de Castro coa inauguración dun mural dedicado á autora galega no centro escolar. A obra foi elaborada por Concepto Circo en colaboración co alumnado. Ademais, realizaron un vídeo sobre os traballos de pintado que pode verse nas redes sociais e na web oficial do centro.

## A Xunta require a 2.000 parcelas a adecuación á lexislación antiincendios

Veciños de Guitiriz están a recibir unha notificación para xestionar a biomasa vexetal e retirar as especies arbóreas que se atopen na franxa de protección de incendios forestais dos núcleos de poboación. En total, detectáronse máis de 2000 parcelas que incumpren a lexislación vixente, e a Xunta de Galicia emitiu as correspondentes notificacións que está a enviar estes días.

Esta notificación vén motivada para dar cumprimento a lexislación en materia de montes e incendios forestais e o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais, no que os concellos son os responsables do cumprimento da lei, mediante a comunicación aos propietarios que

non cumpran o establecido.

A Xunta de Galicia levou a cabo a inspección das parcelas e predios que rodean os núcleos do concello de Guitiriz, nos meses de setembro e outubro de 2021 e estanse a efectuar as notificacións ós titulares das mesmas segundo consta en catastro. Se a hora de recibir a notificación, a parcela/as están xestionadas correctamente, os propietarios non teñen que facer nada o respecto, xa que nunha segunda inspección comprobarase dita situación. Se alguén recibe unha notificación e non é responsable, deberá comunicalo por escrito ó concello, xustificando o motivo polo cal non é o responsable ou propietario da finca.

## Convocado o premio de poesía Díaz Castro

O Concello de Guitiriz lanza outra edición máis do premio Xosé María Díaz Castro de poesía, que xa vai pola sexta convocatoria. O prazo para presentar os orixinais, que xa está aberto, rematará o 31 de marzo.

Os poemas que se envíen deberán estar escritos en lingua galega e poderán ser de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Non poderán concorrer ao certame os gañadores e gañadoras de anteriores edicións.

A obra gañadora terá un premio en metálico de 2.000 euros e ademais

será publicada por Edicións Espiral Maior. O veredicto do xurado, que estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e/ou á crítica literaria galegas, terá lugar nun acto público despois do 15 de abril.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, destaca que "é moi importante para unha vila como Guitiriz honrar o seu patrimonio e Díaz Castro e o seu legado forman parte deste" e explica que "ademais, este certame, que se está a converter nunha referencia para os autores e autoras, permítenos contribuir á promoción e difusión da cultura galega".



## O Cercud pide a cesión do parque infantil do colexio de Baamonde

A directiva do Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde (Cercud) enviou unha solicitude ao Concello de Begonte na que pide a cesión do parque infantil do antigo colexio de Baamonde para a praia fluvial así como tamén a construción de beirarrúas ao longo da praia.

“Fai catro anos rogamos a creación dunha senda peonil entre o casco urbano e a praia fluvial, e pese o silencio administrativo, logrouse a consecución das beirarrúas entre a N-VI e o muiño. Despois de solicitar fai dous anos a súa continuación, cun novo silencio administrativo, volvemos repetir dita petición”, explican.

Nesta solicitude vai a continuación das beirarrúas ao longo do perímetro da área recreativa para conectar coas rutas de sendeirismo existentes, e a mellora da pista paralela á zona de baño do río Parga “que proporcionaríaa maior seguridade aos



viandantes (veciños/as, visitantes, scouts, peregrinos/as), aos bañistas da praia fluvial (na gran maioría nenos/os)”, explican.

Tamén engaden unha vella demanda, o desenterramento da cara norte do muiño; un símbolo etnográfico histórico, cultural e patrimonial.

Indican que o Concello de Begonte

pode acollerse ás distintas axudas e subvencións en concorrencia competitiva, de Turismo, Medio Ambiente da Xunta (esta anualidade potenciadas polos fondos NextGeneration da Unión Europea) e para conseguilas “contarían cunha elevada puntuación dada a súa situación en pleno Camiño Norte de Santiago, ademais de estar situado en Rede Natura 2000, ZEC Parga-Ladra-Támoga e Reserva da Biosfera Terras do Miño”, indican.

Por outra banda, “ante o desmantelamento do CEIP de Baamonde”, solicitan a cesión do parque infantil para o seu traslado á praia fluvial de Baamonde.

O parque, financiando integramente pola Deputación de Lugo só puido ser desfrutado polos picaros dous cursos escolares. Este curso non pode ser utilizado ao estar as instalacións pechadas.

## Programan un ximnasio no centro sociocultural



O Goberno local de Begonte anunciou a próxima construción dun ximnasio municipal, de 180 metros cadrados, nas instalacións que ten no centro sociocultural, concretamente fronte ao centro de saúde. Con esta nova infraestrutura, créase así un entorno deportivo na zona, xa que esta conta con pista de pádel e outras instalacións que teñen en previsión situar na zona. A obra do ximnasio levarase a cabo cunha subvención da Xunta e fon-

dos propios do Concello investindo un total de 100.000 euros.

Ademais, responsables municipais avanzaron que o ximnasio podería estar listo antes de final de ano.

O baixo do centro sociocultural está ocupado actualmente pola escola de música, que se trasladaría, ao antigo colexio de Baamonde, polo que o ximnasio ocuparía esta zona. Tamén se trasladarían as aulas de pintura a unha das antigas vivendas de profesores que se están acondicionando na zona.

## Realizan un obradoiro de educación emocional e sexual

Dende o servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organízase un obradoiro en Begonte dirixido a nais e pais para abordar a temática da educación emocional e sexual.

O obradoiro será impartido por persoal do Centro Quérote+ de Lugo. A actividade terá lugar o 14 de marzo, luns, de 16.45 a 18.15 na casa da cultura de Begonte. É preciso inscribirse enviando os datos ao mail: [prevenciondrogas@rabade.org](mailto:prevenciondrogas@rabade.org).

Este obradoiro ten como obxectivo crear un espazo seguro para poder falar das dúbidas, preocupacións e dificultades da crianza sen sentimentos de culpa ou xuízos de valor.

## Licitadas as obras da escola de música e futuro conservatorio

O Concello de Begonte sacou a licitación o proxecto de Reforma e Acondicionamento de Instalacións para Escola de Música, Baamonde-Begonte, cun orzamento total de execución de 399.602,21 euros, desglosados en 330.249,76 euros de principal e 69.352,45 de IVE.

As obras, conforme ao proxecto redactado, están destinadas á reforma das instalacións do antigo colexio de Baamonde, concretamente dos Bloques 2 e 3, para destinalos a Escola de Música, co fin de dispoñer no municipio “dunhas instalacións acordes e axeitadas cos tempos actuais e co servizo a prestar, e que veñen a dar resposta a unha crecente demanda na comarca neste eido educativo,



cultural e de ocio”, explica a memoria do proxecto. A licitación do proxecto faise por concurso público e nas bases establécese un total de 6 meses de prazo de execución. As empresas teñen 26 días para presen-

tar as súas propostas.

Trátase da primeira fase deste proxecto que está dividido en lotes diversos nun proxecto amparado pola Xunta de Galicia a través dun convenio de colaboración.

## Begonte acollerá a celebración do Día da Árbore da federación de veciños provincial

A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti anunciou a celebración, o próximo día 26 de marzo, do Día da Árbore. Dita conmemoración, organizada desde a Consellería de Medio Rural, terá como anfitrión a localidade de Santalla de Bóveda.

O pasado ano, 2021, con motivo da pandemia por covid-19, esta celebración viviu unha versión máis reducida, contando unicamente cunha repartición de árbores entre as diferentes asociacións veciñais.

Neste ano, 2022, e superando xa as 20 edicións desta celebración, procederá a levar a cabo tanto o acto central conmemorativo desta data, como á entrega de diversos exemplares de especies autóctonas ás asociacións veciñais.



**VENTA DE 7 PARCELAS EDIFICABLES EN FRIOL**  
 Infórmate sin compromiso  
**¡FACILIDADES DE PAGO!**

**Promociones TEIXIDO**  
 982 371 416

# “Temos as obrigas de ter as ideas claras e traballar constantemente”

José Pardo Lombao é o alcalde de Outeiro de Rei dende hai 26 anos

José Pardo Lombao leva á fronte do Concello de Outeiro de Rei 26 anos aos que suma tamén outros 14 como tenente de alcalde, toda unha vida dedicado á política defendendo a liña do Partido Popular.

**Pode facernos un balance do ano que terminou para o Concello?**

Realmente sempre se fan moitas cousas, pero creo que o máis destacado foi o centro de día, a primeira fase xa está acabada e que se fai en tres fases, porque a primeira foi a compra do edificio, a antiga casa do cura. Agora vimos de rematar coa rehabilitación tras unha inversión bastante grande. Trátase dun novo servizo para a veciñanza, que realmente o necesitan. Tamén acometemos todo tipo de obras en redes viarias, en abastecemento de auga, en saneamentos, en mellora de infraestruturas deportivas, etc.

**Que quedaría por facer de cara a este ano?**

Temos outras dúas cousas que están en marcha, que é a construción dunha piscina ou centro de ocio, que leva tamén un centro btt na contorna da área recreativa de Santa Isabel. Estamos a punto de firmar un convenio coa Consellería de Medio Ambiente, polo que é bastante inminente. Temos tamén en marcha melloras no abastecemento de auga e estamos a estudar a posibilidade de facer unha nova depuradora de augas residuais porque o crecemento da poboación creou esta necesidade, unha depuradora máis potente para evitar problemas no saneamento, porque extendemos a rede pero a Confederación esixe esa depuradora. Temos xa un certo compromiso por parte da Consellería de Infraestruturas para firmar un convenio de colaboración.

**Este crecemento da poboación está vinculado a ser un concello tan próximo á capital da provincia?**

Eu non estou tan de acordo con iso. Ata fai 20 anos baixaba a poboación de Outeiro igual que no resto da contorna de Lugo. Está claro que non temos un microclima, non temos unha gran empresa ou un gran parque eólico que nos dé uns ingresos e a poboación baixa nos concellos de arredor. O que si é certo é que Outeiro de Rei doutouse duns servizos que non todos os concellos teñen e fomos acertando na estratexia de cara ao futuro. Nós temos un lema de hai 20 anos, Outeiro de Rei, concello de futuro, e vaise demostrando que é certo cun incremento do 20% da poboación nos últimos 15-18 anos. De feito, houbo que multiplicar por dous as aulas do colexio e facer dúas liñas, con todas as clases cheas de nenas e

nenos. Algo que creo que non pasou en ningún lugar de Galicia de características rurais como o noso. Ademais, a situación xeográfica non é mala, estamos na A-6, ao lado de Lugo, medioambientalmente é un Concello bonito, dende o punto de vista turístico ten unha contorna natural, a ribeira dos ríos, áreas recreativas, varias rutas de senderismo, rutas btt, etc. Acabamos de poñer en marcha e de sinalizar unha ruta arqueolóxica, temos medorras, algún BIC... intentamos traballar en varias direccións, infraestruturas deportivas variadas, campos de fútbol, pavillóns, circuíto de velocidade e de trial, pistas de atletismo, etc... intentamos potenciar o deporte, non queremos ser un concello dormitorio, queremos que a xente viva e traballe e que esté agusto coa súa vida. Tamén temos un parque empresarial potente que desenvolvimos nós mesmos, a Deputación non investiu nada nin Xestur tampouco e eso que viñamos de ser un concello eminentemente agrícola e hoxe temos 200.000 ou 300.000 metros cuadrados ocupados e cerca dun millón urbanizados ademais de estar moi bien situado. Sen dúbida é un parque empresarial con moito futuro e unha gran potencialidade. E tampouco hai que esquecer os programas de conciliación familiar que son importantes, estamos traballando no despregue da fibra óptica, pretendemos chegar a todo o Concello.

**Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?**

Temos moitas cousas boas pero tamén malas e son esas as que estamos mellorando. Por exemplo, as carreteras da Deputación están cheas de fochancas, temos tamén algunhas pontes en mal estado polas que non poden pasar os tráilers cargados de madeira, como Francos, Gaioso, etc. A única saída que hai é Martul, pero é comprometida. As nosas vías de comunicación están aceptables pero son mellorables, o abastecemento é mellorable, polo que estamos intentado amplialo. O crecemento ten cousas boas pero tamén provoca dificultades, temos que ampliar servizos constantemente. Nos tempos que corren non son moi bos e parece que nos esperan tempos peores. Os veciños seguro que atoparán máis carencias, eu mesmo non estou satisfeito con todo o feito pero isto é un traballo constante e unha loita permanente, polo que sempre estamos traballando en melloras. Unha das cousas que nos preocupan moito son esas infraestruturas que necesitan os sectores produtivos como o da madeira

e o gandeiro, agora moi comprometidos cos prezos do combustible e dos piensos. Tamén tería que desenvolverse máis o sector do turismo, o sector privado do turismo en Outeiro ten moito que crecer e pode facelo bastante porque hai infraestruturas turísticas atractivas pero hai que sacarlle rentabilidade privada a través de establecementos de hostalaría ou outro tipo como guías para ir polas rutas, empresas de ocio activo, cousas que se poden seguir facendo. Hai que manter esa perspectiva de futuro e axudar no que nos toca como Administración e contando co que aportan outras. Temos a vantaxe de ter unha estabilidade no goberno, o que nos permitiu desenvolver proxectos a longo prazo e iso é importante. Por exemplo, a rede de auga, neste concello, que ten 180 núcleos, chega a todos os veciños, temos facilidade para construír o que nos permite que a xente que quere vir teña onde escoller. Tamén me

**“Do que me sinto máis orgulloso é de que o Concello crecera e de que o fixera nunha situación tan difícil”**

gustaría que o núcleo urbano estivese máis desenvolvido, malia que este ano abrimos dúas rúas, unha de nova creación e outra que ampliamos. Outra demanda é unha rotonda na nacional VI, un proxecto xa de vello pero que non arranca. Aínda non está contratada e iso que a expropiación está feita. Trátase dun punto polo que pasan unha media de 8.000 coches todos os días e supón un paso perigoso para os peóns polo que queremos xa unha rotonda cos seus correspondentes pasos de cebr.

**Estrea atención pediátrica. Que aporta este servizo?**

Temos pouco tempo de pediatra porque os pediatras son moi escasos e como somos un concello con moitos nenos decidiron poñernos unha enfermeira especializada que non substitúe ao pediatra, pero suple parte do traballo e vai permitir unha atención importante.

**Tamén lideron varios proxectos de reciclaxe e medio ambiente.**

Somos pioneiros nese campo. Fumos o primeiro concello de Galicia que instalou o contedor marrón e fixemos un plan piloto na urbanización de Santa



Isabel en nos grandes produtores de residuos, en edificios con moita xente, como o xeriátrico ou a prisión bonxe. Agora imos poñer en marcha a ampliación do contedor marrón ás urbanizacións que nos quedan con densidade de poboación alta e para a zona máis rural pedimos axuda para poñer composteiros. Pero para nós un dos puntos principais foi a nave de reciclaxe ao lado do punto limpo. Trátase dun espazo de reciclaxe e o que fixemos foi dotala dunhas ferramentas para que as cousas que van ao punto limpo que poden reciclarse podan ser amañadas. Buscamos dous obxectivos, o medioambiental, reciclar o máximo, e dende o económico, que aquelas persoas con poder adquisitivo baixo podan reutilizalos se así o precisan, e poden utilizar esta nave para reparar eses enseres. Ademais, imos facer algún curso de reciclaxe, de restauración básico para animar a que se recicle máis e se tire menos. Por outra banda, imos aumentar en 100 contedores amarelos máis, dada a dispersión necesitanse moitos contedores e non temos suficientes polo que se van instalar estes meses. Todo isto permítenos ser un concello de futuro dende o punto de vista ambiental, eso nos pode atraer xente ao municipio e aproveito a ocasión para pedirlle aos veciños que se conciencien o máis posible.

**Supoño que a recompensa dese traballo foi a bandeira verde.**

A bandeira verde recibímolos polo que imos facendo, pero agora hai que mantela. Nós o que intentamos é tela ao longo do tempo pero necesitamos a colaboración dos cidadáns, porque sin eles non conseguiríamos ter Outeiro limpo como está. O medio ambiente é cousa de todos.

**E no sector da cultura?**

Facemos cousas, temos unha animadora sociocultural, programación na casa da cultura, e como infraestruturas temos un auditorio pequeno con só 120 prazas, está ben dotado pero é pequeno. Ben é certo que necesitamos un miniauditorio, que non o

teríamos pechado como outros que están preto, pero as limitacións económicas son as que son. Temos programas actividades ao longo de todo o ano, e contamos con recuperarlas agora. Temos a feira de artesanía, a festa dos xubilados, festas en todas as parroquias, que ponenciamos economicamente e unha escola de música común cos concellos da contorna que tamén impulsamos cunha importante aportación. Tamén temos iniciativas privadas como a casa de Manuel María que é un atractivo importante.

**E sobre o sector agrogandeiro, que planes hai?**

Acaban de aprobarnos a concentración en catro parroquias. Témolos pedida en oito, pero xa está aprobada en catro e esperamos que agora nos meses de verán se empece a traballar sobre o terreo e que sería nos lugares de Arcos, Sobrado, San Lorenzo e San Félix de Paz. É unha zona onde a gandería pode ter moitas posibilidades de desenvolvemento.

**Como se artella o futuro de Outeiro?**

Nunha administración temos dúas obrigacións, unha é ter as ideas claras para saber hacia onde se vai e outra traballar constantemente. Nunca hai recursos e medios suficientes pero si un insiste e ten proxectos pode facelo casi todo ao longo prazo. Se cando empecei alguén me dixera que íamos transformar o concello na medida que o fixemos diría que era imposible, pero iso non quere dicir que estea acabado nada, temos gañas de seguir traballando e así o faremos mentres o permitan os cidadáns.

**De que logro se sente máis orgulloso?**

Do que me sinto máis orgulloso é de que o concello crecera o que fixera nunha situación tan difícil. Emociona que pasemos de ser un concello rural e gandeiro, sen unha capitalidade importante, sen industrias e sen polígono industrial, e hoxe estemos a nivel de concellos moito máis grandes. Pero iso non é un mérito do alcalde, é un mérito dun equipo de goberno e sobre todo dos cidadáns que apostaron por Outeiro de Rei.



# O Concello estuda a ampliación do centro médico para levar o PAC

## Implantou un servizo de enfermería pediátrica diaria pioneiro en Galicia

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, reuniuse co alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo Lomboa, na súa recente visita ao municipio pola posta en marcha dun servizo de enfermería pediátrica diaria.

Esta reunión ambas as dúas entidades comprometéronse a estudar a posibilidade de trasladar o PAC ao centro médico o que implicaría unha ampliación do edificio. Para levar a cabo esta iniciativa o Concello encargárase da compra dos terrenos axesos ao centro de saúde e o compromiso da Xunta sería facer un edificio máis gran-

de "acorde ás dimensións actuais da poboación de Outeiro de Rei", explica o alcalde.

Engade o rexedor que o Concello de Outeiro de Rei aumentou a súa poboación os últimos anos en 1.200 persoas polo que necesitan aumentar as súas dotacións sanitarias.

Durante esa xoranda, ambos os dous supervisaron o inicio da prestación de atención pediátrica de xeito diario.

O Sergas iniciará en Outeiro de Rei un proxecto pioneiro que se concreta na dotación dunha enfermeira especialista en enfermería

pediátrica que estará dispoñible para as familias todos os días no seu centro de saúde realizando atención pediátrica como a supervisión periódica do neno san e complementando a atención prestada pola pediatra que se despraza a este centro un día á semana.

Na visita, conselleiro e alcalde avanzaron tamén no proceso de desenvolvemento da reforma do actual centro de saúde de Outeiro de Rei para ampliar a súa superficie en máis de 300 metros cadrados e acoller o Punto de Atención Continuada actualmente situado nunhas instalacións separadas e



Centro de saúde de Outeiro de Rei

con problemas estruturais e asistenciais.

Nese sentido, o Servizo Galego de Saúde enviou xa a técnicos de obras a supervisar o centro e as parcelas adxacentes acompañados de persoal do concello para avaliar as posibilidades de ampliación e a dispoñibilidade de parcelas para efectuala.

Mediante un protocolo de cola-

boración, o Concello cederá ao Sergas unha parcela adxacente e autorizará á administración autonómica a acometer as obras no inmovible, que é de titularidade municipal.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia asumirá os trámites de elaboración do proxecto e licitación e execución da obra e os custos derivados deste proceso.

# O BNG pide a conxelación das dietas mentres haxa facturas pendentes

O BNG fixo unha nova análise da situación económica do concello que afirma que "está a facerse dramática". Explican que boa proba diso foi o crédito que se viu obrigado a pedir o pasado mes de decembro, "pois as débedas aos provedores xa eran insostibles e había servizos municipais básicos que perigaban, pois algúns xa se negaban a seguir subministrando produtos ou servizos ao concello de Outeiro mentres non saldase estas débedas".

Engade o BNG que este crédito veu a sumarse aos outros dous, un como adianto de tesourería para adiantar os cortos que logo se ían cobrar polo impostos e outro para poder facer algún tipo de investi-

mento neste ano 2022.

"Unha vez recibidos eses cartos, o concello procedeu a pagar todas esas facturas pendentes, ou cando menos unha boa parte delas. Así, o pasado 27 de xaneiro, aprobouse o pago de 1.091.728 de euros correspondentes a 2.520 facturas que estaban en lista de espera dende había meses", din.

"Dende o BNG preguntámonos que vai pasar a partires de agora, pois se se gastou todo ese crédito en pagar as facturas antigas, con que cartos se van pagar as deste anos?", continuou o concelleiro.

Dende o BNG "nunha xestión prudente dos cartos da veciñanza e nesa liña" propoñen que non se

repartan cartos en dietas, en gratificacións ou mesmamente na asignacións a grupos "mentres temos xente que necesita os cartos que se lles adebedan".

Dese xeito, propóñense conxelar varios pagos mentres se deban facturas "por culpa do concello", con máis de tres meses de antigüidade. Entre as que piden conxelar están as dietas por asistencia a organismos ou quilometraxe dos concelleiros ou concelleiras; as asignacións que lles corresponden aos grupos políticos, e as gratificacións excepcionais, que non correspondan a un gasto directo, dos traballadores ou traballadoras do Concello que cobren máis do salario medio.

# Zoelas ofrecerá o sábado 12 pola tarde un concerto na casa museo de Manuel María

Este sábado, día 12 de marzo, ás 20 horas, a formación orixinaria de Antas de Ulla, Zoelas, subirá ao escenario do auditorio da Casa-Museo Manuel María para interpretar ao público asistente pezas do seu traballo Evelaités, así como das súas últimas e recentes composicións.

Zoelas é un proxecto musical en que se mestura as raíces do canto tradicional con melodías de variados estilos musicais e letras propias que conviven con coplas recollidas. Canto coral feminino con Bea García, Érica García, María Bouzas, Pilar Naveira e Patricia Coucheiro acompañadas de Michel Rivadulla (guitarra), Miguel Varela



(percusión) e Bruno Villamor (requinta, zanfona e gaita).

Para asistir ao concerto é necesario reservar previamente o billete (5 euros) en contacto@casamuseomanuelmaria.gal ou a través do whatsapp 698 177 621.

**constru fer**

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN Y BARRIAMENTO  
PABLO RABADE PAREDES

Saneamentos, construción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

RESTAURANTE PARRILLADA

**O'Adro**

COMIDA PARA LEVAR  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**JRoca**  
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

**Vilamartin - Rioaveso s/n, Vilalba**  
Casa / Chalet independente | 1 Dorm | 1 Baño | 102m<sup>2</sup> **85.000€**

A tres kilómetros de Vilalba (Lugo), en dirección Meira, ofrecemos una vivienda independiente, a terminar por dentro de unos 100 metros cuadrados. La casa tiene la fachada en piedra y se ubica en una finca de unos 4.000 metros cuadrados, la cual dispone de pozo de agua, fosa séptica y luz.

**Avenida Terra Chá, Vilalba**  
Ático | 2 Dorm | 1 Baño | 55m<sup>2</sup> **65.000€**

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso compuesto por dos habitaciones, cocina-salón y un baño. Dispone de garaje, ascensor y trastero.

**Calle Lameirón, Vilalba**  
Terreno / Urbano (solar) | 650m<sup>2</sup> **90.000€**

Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

**Muras 2, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 80m<sup>2</sup> **85.000€**

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.

**Distriz, Vilalba**  
Casa / Chalet independente | 3 Dorm | 1 Baño | 137m<sup>2</sup> **60.000€**

En la parroquia de Distriz, municipio de Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta una vivienda unifamiliar, independiente, en la que hay tres habitaciones, cocina, un baño, garaje para dos vehículos y varios alpendres. La finca en la que se ubica se aproxima a la hedárea de terreno. El conjunto se encuentra a unos cinco kilómetros del casco urbano de Vilalba.

**Herreña 25, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 153m<sup>2</sup> **55.000€**

Se vende vivienda unifamiliar, con placa echada. En la planta baja tiene un local que se puede usar como garaje o para montar un negocio.

**Chao Ledo 1, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> **80.000€**

En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

**Plaza de San Juan 5, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 6 Dorm | 1 Baño | 339m<sup>2</sup> **65.000€**

En Vilalba (Lugo), plaza de San Juan, se vende edificio bastante céntrico, que da a dos calles. Se trata de un edificio a reformar, que tiene bajo y tres plantas.

**Betanzos 5, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 2 Dorm | 1 Baño | 144m<sup>2</sup> **30.000€**

En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una.

**Piegueira 1D, Abadín**  
Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 296m<sup>2</sup> **50.000€**

En la parroquia de Galgao, municipio de Abadín (Lugo), se vende una casa unifamiliar independente con una finca de 4500 metros cuadrados. La casa tiene una superficie, entre las dos plantas, de unos 200 metros. El resto de la construcción se corresponde al garaje y al almacén. La casa está situada a medio kilómetro de la A-8 y a unos 20 minutos de la costa.

**Basanta Silva 58, Vilalba**  
Local | 125m<sup>2</sup> **120.000€**

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.

**Inmobiliaria JRoca Plaza Seso Galeoso - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720**

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**

**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles  
Comunidades - Penal**

**Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720**

[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)

castro de rei

## Adjudicadas en Castro Ribeiras de Lea obras da traída e as beirarrúas

A Xunta adjudicou por preto de 375.000 euros as obras de renovación integral de beirarrúas en Castro Ribeiras de Lea.

Esta actuación permitirá actuar na travesía da estrada autonómica LU-113, en preto dun quilómetro de lonxitude: desde o centro, á altura da praza de Galicia, ata a saída do núcleo urbano en sentido Abadín.

Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses e teñen por obxectivo mellorar a seguridade para os peóns, especialmente nos puntos que presentan dificultade de paso para as persoas con mobilidade reducida ou carros de bebé, entre outros supostos.

Máis en detalle, as obras realizaranse na travesía da LU-113, entre os puntos quilométricos 5+070 e 6, onde o tránsito peonil en ambas as marxes da travesía é moi intenso porque acolle nu-



Obras das beirarrúas en Castro de Rei

merosos servizos, comercios e dotacións.

Tamén se adjudicaron as obras da segunda fase da mellora da rede de abastecemento de auga a Castro de Rei, que contan cun prazo de execución de 6 meses.

Esta nova actuación dará continuidade á primeira fase que se centrou na construción de dous tramos de tubaxe de abastece-

mento de fundición no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e nas inmediacións do termo municipal.

A 2ª fase das obras, que veñen de adjudicarse, complementarán esta primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de conducción que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial.

## Adamo conectará con fibra óptica máis de mil fogares

A fibra óptica de Adamo conectará ao mundo 1.116 domicilios de Castro de Rei desde abril a finais de ano. A instalación da infraestrutura nesa considerable cantidade de fogares supoñerá un fito nas comunicacións do Concello, xa que a súa poboación -non o seu número de vivendas, que, obviamente, é menor- rolda os 5.000 habitantes. Así o explicou David Llano, responsable do operador en Galicia, nunha sesión informativa celebrada na praza Maior da localidade. Como explican dende a empresa, trátase do sinal da internet máis rápida dispoñible hoxe no mercado (1.000 Mb), "que Adamo proporciona e ningunha outra compañía mellora. Esa potencia permite estar máis preto dos seres queridos que se atopan lonxe, teletraballar con garantías, pasar citas médicas en remoto, acceder a educación en liña,



comprar por Internet ou gozar de videoxogos, películas e series a través da Rede".

**OS PRIMEIROS INMOBLES, EN ABRIL.** Nun proceso con varias fases, o operador pulsará o botón de acceso nas primeiras vivendas de Castro de Rei nos próximos días, ao longo do mes de abril, empezando pola parroquia de Ribeiras de Lea. Unha vez chegase aos 1.116 fogares citados ao concluír 2022, Adamo cumprirá co

compromiso adquirido co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Partindo dese mínimo, é intención dos responsables da empresa instalar fibra de 1.000 Mb no resto de parroquias a través de investimentos propios. Sempre, iso si, que se dea unha demanda en tal sentido entre os veciños. Aqueles interesados en ter Internet ultrarrápido no concello poden apuntarse neste grupo da web de Adamo: <https://adamo.es/é/fiberhood/fibra-castro-de-rei>. O despregamento en Castro de Rei, que conta co respaldo e o seguimento do seu alcalde, Francisco Javier Balado, enmárcase no exhaustivo plan de expansión que a compañía está a desenvolver na provincia de Lugo, que incluíu a instalación de fibra en máis de 65.000 domicilios entre 2018 e 2021.

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

**CHAIREGOS**  
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24 HORAS

## O Concello rehabilitará cunha subvención a muralla exterior

O Goberno local de Castro de Rei, levará a cabo o acondicionamento e rehabilitación da muralla exterior da localidade dentro do proxecto de actuación que se enmarca nas axudas que o IGVS concede aos concellos que recibiron o título de ARI (Área de Rehabilitación Integral).

Estas axudas complementan ás que concede a Xunta tamén para os particulares para o proceso de rehabilitación destes centros históricos.

O investimento neste proxecto é de 61.000 euros, ive incluído. E o obxectivo da actuación é a limpeza da muralla, a reposición nalgunhas zonas onde faltan as pedras ou estas están castigadas pola erosión, así como enfincar o interior da muralla se Patrimonio o autoriza.

A actuación comprende un total de 450 metros lineais que com-



prenderían a parte exterior máis a concurrencia coa rúa Aquilino Iglesias Alvariño, así como accesos, escaleiras, entradas e saídas dende a circunvalación de Castro ata a praza da igrexa.

“Tomamos a decisión de comezar por esta actuación xa que, despois do escudo do castelo, é o máis destacado. O escudo xa o recuperamos

hai tempo e lle fixemos un monolito na praza da igrexa e a seguinte actuación lóxica pola nosa parte era a muralla”, explica o alcalde.

Con esta axuda, a intención é comezar o antes posible para que se finalice neste ano ou no que vén. “Temos a obriga de consolidar este vestixio histórico artístico e asegurar a súa conservación”, di Balado.

## Organizan dous obradoiros para persoas coidadoras

O Concello acollerá este mes dous obradoiros dirixidos principalmente ás persoas coidadoras. O obxectivo do mesmo é formar os coidadores e familiares en habilidades que lles axuden a mellorar a calidade dos cuidados que proporcionan así como o uso de técnicas que lles faciliten o labor.

As sesións terán lugar o día 23 de marzo, mércores, en Castro de Rei, no local encima de Correos, na praza Maior, entre as 16.30 e as 20.30 horas. Ademais, o 28 seguinte, luns terá lugar a mesma sesión e á mesma hora pero en Castro Ribeiras de Lea, na casa da cultura.

## Margarita Ledo, premio de Honra nos Mestre Mateo

A xornalista, directora, poeta e catrónica Margarita Ledo, natural de Castro de Rei, recibirá o premio de honra Fernando Rey na XX edición dos Mestre Mateo, que se celebrarán o 19 de marzo no Teatro Colón da Coruña.

O presidente da Academia Galega de Audiovisual, Álvaro Pérez, explicou que Ledo recibirá o premio de honra por ser unha “figura de referencia no eixo da cultura” polo seu traballo como xornalista, directora, poeta e escritora.

Ademais, atópase tamén o seu labor en impulsar a creación da sala de cinema independente Numax en

Santiago, do grupo de estudos audiovisuais e a facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Por último, Pérez resaltou o seu traballo en “recuperar voces e historias” da historia recente de Galicia desde “unha posición independente e reivindicativa”, así como o seu compromiso co feminismo e o galego. O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, foi o encargado de dar a coñecer o nome da honoraria, cualificándoa como “tremendamente merecente” do premio.

Ademais, expresou que a Academia acertou “co nome” e que o anuncio será “ben recibido” polo sector.

## Iniciativa prioritaria para a planta de biogás



A Xunta de Galicia vén de declarar como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto para impulsar unha nova planta de biogás para a obtención de biometano líquido. Trátase dunha actuación na que a compañía prevé investir 22,5 millóns de euros, contribuíndo deste xeito á creación de riqueza e á consolidación de emprego de calidade no rural.

Neste sentido, a iniciativa pretende utilizar os residuos orgánicos producidos no sector agrogandeiro e agroalimentario galego como materias primas para obter biometano líquido a través dun proceso de se-

paración crioxénica do biogás producido. Unha parte do biogás xerado empregaríase para cubrir o autoconsumo da planta e parte do biometano líquido para abastecer a frota de transporte.

O proxecto inclúe a posibilidade de crear de ao redor de 75 postos de traballo entre directos e indirectos na comarca por parte deste grupo empresarial que conta co selo de Peme innovadora outorgado pola Administración central e que presta servizo a máis de 200 empresas, concellos e institucións, así como a agricultores e gandeiros.

## O PSOE avanza investimentos da Deputación en Triabá e Ludrio

O voceiro socialista de Castro de Rei, José Luis Castro Tellado, avanzou que a Deputación de Lugo, que preside José Tomé Roca, aprobou na pasada Xunta de Goberno aplicar remanentes do Plan Único 2021 para novas actuacións no Concello. “Concretamente investiranse 43.287,81 euros para a pavimentación e rexeberación de accesos en Triabá e Ludrio”, sinala.

O voceiro explicou que nas pasadas anualidades, a través do Plan Único da Deputación, “percibimos nos

últimos 3 anos un investimento de 1.113.369 euros, aos que sumar os 395.470 euros deste ano 2022, e que deben adicarse a obras e servizos de competencia municipal. Polo tanto estamos diante dun investimento económico para a veciñanza de Castro de Rei da Deputación de Lugo dun total de 1.508.839 euros, estas son as contas reais”, afirma Castro.

“A veciñanza de Triabá e Ludrio agora poderá ver mellorado os accesos aos seus núcleos”, explica.

**PULL&BEAR**  
**79€**  
lentes incluídas

marca exclusiva  
**OPTICALIA**  
GALLAO

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA  
Avda. de Galicia, 49 - As Pontes (A CORUÑA) · Tel. 981 452 270  
www.opticaliacallao.com

Promoción válida del 1 de febrero al 31 de marzo de 2022. Las gafas promocionadas llevarán siempre lentes monoculares orgánicas híbridas, 1,50 Híbridas, sin ningún tratamiento. Graduaciones comprendidas en los rangos de Stock de los proveedores de la línea Visión de Opticalia. Los rangos son: Faltas: +/- 4,00 dioptrías. Cilindro: +/- 2,00 dioptrías. La selección de monturas serán de la marca Pull and Bear, modelos seleccionados para esta promoción. Los productos suscritos objeto de esta promoción son conforme a las regulaciones legales ITC 3047/15 y RD 1596/2004.

XXXVIII edición  
**MOEXMU**  
1, 2 e 3 de abril 2022  
RECINTO FERIA MARXAL VÍX MURMENA

DEPUTACIÓN DE LUGO  
USC

Recordame!

abadín

## O Concello recibe a titularidade de dous treitos da estrada LU-113

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Abadín de dous treitos antigos da estrada LU-113, ao seu paso polas parroquias de Corvite e de Abeledo. A entidade local solicitou ao departamento de Infraestruturas da Xunta a cesión destes restos antigos da vía autonómica que conta cun tráfico totalmente local, tras terse acometido a obra de acondicionamento da LU-113 no treito entre Moncelos e Abadín.

O primeiro destes treitos atópase

se no lugar da Laxe, na parroquia de Corvite, e ten unha lonxitude aproximada de 697 metros, pola marxe esquerda da actual vía autonómica. O outro treito antigo, tamén na marxe esquerda da estrada, atópase no lugar de Sabugos, na parroquia de Abeledo, e ten unha lonxitude aproximada de 415 metros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia

destes restos situados nas marxes da actual estrada LU-113.

A transferencia a prol do Concello de Abadín tramitase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nese treito e asume a responsabilidade da súa conservación.

## O PSOE pide para os veciños axudas ao pago da luz

O grupo municipal do PSOE presentará unha moción no seguinte pleno na que solicita que se inicien os procedementos para a concesión de axudas ao pago da factura da luz para os veciños durante o ano que comeza.

Esta medida ten o obxectivo, como subliñan, de “garantir o nivel de calidade de vida e de benestar de todos os veciños do concello, especialmente a suficiencia económica da terceira idade, xa que constitúe o sector maioritario da nosa poboación”.

Tamén queren deste xeito compensar “a xeración de riqueza dos nosos recursos naturais explotados por empresas con sedes fiscais fóra do noso territorio e tamén compensar o impacto ambiental de forma directa nos veciños e veciñas”, así como fomentar o asentamento de poboación.

Abadín conta con varios parques eólicos polo que o PSOE considera que “a riqueza que xera o noso concello co vento, debe repercutir de maneira directa nas persoas que levan vivindo dende hai séculos neste territorio”.

## Éxito de visitantes nunha nova edición de Expogrelo



Un momento da feira celebrada en Abadín o 5 de marzo

Os 12 produtores presentes na décimo sexta edición de Expogrelo, celebrada non recinto feiral de Gontán, volveron verse as caras tras un ano sen feira e recuperaron antigas sensacións ofrecendo un produto de calidade total a un prezo fixado de 1,5 euros a mada. Sen dúbida axudou na xornada o bo día que saíu e que animou aos veciños dos arredores e visitantes asiduos a achegarse ata Abadín. Como en anos anteriores tamén houbo premios outorgados polo

Concello. Marisol Grandío, de Romariz e Esther Cruña, de Moncelos repetiron e volveron facerse cos premios á mellor decoración, tal e como fixeron na última edición. Ademais, todos os produtores recibiron unha gratificación de mans das autoridades presentes pola súa participación na feira. Acompañaron na ocasión os postos de artesanía e gastronomía, diversos feirantes e a animación musical que fixeron de Expogrelo unha xornada do máis completa.



Inauguración da escola de San Cosme

## Rematan as obras da escola de San Cosme de Piñeiro

A escola de San Cosme de Piñeiro loce renovada tras melloras realizadas polo Concello co financiamento das áreas de Cultura e Medio Rural da Vicepresidencia da Deputación.

As intervencións realizadas nos últimos meses teñen o obxectivo de mellorar a confortabilidade dun espazo empregado para reunións e para obradoiros e actividades promovidas polo Concello.

A reforma incluíu a renovación dos ventanais e a instalación dun falso teito para mellorar o illamento térmico do edificio e o acondiciona-

mento do interior, co pintado das paredes a dotación de mobiliario novo. Ademais, mellorouse a entrada.

Maite Ferreiro sinalou a “importancia de manter nas mellores condicións estes espazos que teñen un grande valor simbólico para a veciñanza porque acolleron escolas unitarias e que cumpren un papel fundamental ao acolleren as actividades e programas que se organizan desde os concellos cheguen a todas as parroquias”. O acondicionamento supuxo un investimento de máis de 21.000 euros.

## Os populares afean ao Goberno local a “irresponsabilidade” coa que actuou co SAF

O Grupo Municipal do Popular da Pastoriza amosa a súa preocupación pola sentenza que condena ao Concello a pagar 21.000 euros á empresa do Servizo de Axuda no Fogar. Deste xeito, os populares consideran que “estamos diante dunha irresponsabilidade do goberno local sen precedentes, xa que os grandes prexudicados foron e son os beneficiarios deste servizo que, ademais de non telo, agora ven como a entidade local actuou de xeito improcedente”. É por este motivo, polo que dende o PP destacan que os responsables da xestión do SAF, e en consecuencia o

alcalde, “deben dar explicacións, e deben facelo, engaden, por respecto aos veciños e ás familias dos usuarios que precisan desta prestación”. “Estamos a falar dun servizo que non é coma outros, debido ao trato directo que conleva cos dependentes. Non velar porque a súa xestión sexa correcta é unha falta de competencia total e absoluta por parte do Concello”. A este respecto, o Grupo Municipal do PP afea ao goberno local que “cargue tintas contra a Xunta de Galicia”, xa que o desenvolvemento do SAF depende única e exclusivamente das entidades locais.

**ATABERNA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES  
REVUELTOS FREIDA ALCO PICA  
HAMBURGUESAS FREZAS DE VERDAD DE BARRIL  
ENSALADAS FREZAS DE VERDAD  
PASTAS RAXO PATATAS  
ALCO COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

BODEGA

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS  
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)  
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

## Comezan as obras da balsa de uso agrícola da parroquia de Vián

O Concello da Pastoriza iniciou as obras de construción dunha balsa contraincendios e servizos gandeiros na parroquia de Vián.

Trátase dunha obra moi esperada e demandada pola veciñanza que conta con 23.400 euros de orzamento a cargo do Plan Único da Deputación provincial.

Esta infraestrutura súmase ás de Miñotelo (Aguarda) e Bretoña, que foron construídas o ano pasado.

Trátase dunha balsa de grandes proporcións que ten a dobre finalidade de utilizarse como depósito de auga para o servizo de protección contra incendios e tamén para usos gandeiros, xa que se pode utilizar para alimentar ao gando nos tempos de seca.



Obras de construción da balsa

**OUTRAS OBRAS.** Por outra banda, tamén se realizaron traballos nas últimas semanas no servizo de traída de auga a diversas casas de Miñotelo, limpeza e roza

da balsa antiincendios e de uso gandeiro de Lagoa, e das fontes de San Cosme de Piñeiro, así como a roza dos xardíns do Concello.

### O Concello estuda coa Xunta a construción dun centro de día

O alcalde, Primitivo Iglesias, mantivo unha reunión en Santiago co director Xeral de Maiores, Fernando González Abeijón, para ver a posibilidade de construír un centro de día. O Concello xa solicitara en varias ocasións a construción deste centro de atención aos maiores e, de feito, tamén foi solicitado a través dun escrito por parte da Asociación de Empresarios local.

“Esperamos que este sexa un paso decisivo, para que grazas a colaboración entre as dúas administracións, por fin logremos ter o tan esperado centro de día”, avanzou o alcalde pastoricense.

## A Deputación financiará un ano máis a piscina

A Vicepresidencia da Deputación mantén un ano máis o compromiso co funcionamento da piscina climatizada de Pastoriza, cunha achega de 180.000 euros para colaborar nos gastos de mantemento das instalacións que dan servizo a usuarios e usuarias de todos os concellos da contorna.

O recinto ofrece ás persoas usuarias un amplo abano de propostas en distintos espazos, desde as actividades acuáticas e os cursos de natación para todas as idades na piscina ata sesións

de cardiobox, powerpump, zumba -para persoas adultas e nenxs- ou pilates na sala de fitness e no ximnasio, dirixidas por persoal formado e adaptadas a distintas condicións físicas.

Ademais do uso individual das instalacións, o centro recibe grupos de alumnos e alumnas de colexios de Abadín, Baleira, Castro de Rei, Cospeito, Meira, Pol ou Vilalba, ademais da Pastoriza, no marco de actividades organizadas por escolas deportivas, clubs e anpas.

## As familias do CEIP O Salvador avalan maioritariamente o cambio á xornada única

O 85% das familias do CEIP O Salvador da Pastoriza votou a favor do cambio á xornada única lectiva. Dos 69 electores posibles do centro, votaron 60, o 87% e deles 51 escolleron o cambio de xornada. Ademais, 8 votaron en contra e 1 fíxoo en branco. Para que a xornada única fora aprobada era necesario o acordo o 58% do censo.

O cambio de xornada non implica cambios no horario de centro nin tampouco nos servizos de transporte e comedor. O horario de entrada seguirá a ser ás 9.30 horas e rematarán ás 15.40 trala comida. Os venres a saída será ás 14.00 horas e manterán o horario actual.

O centro asegura que o cambio de xornada está fundamentado nunha distribución máis funcional, na mellora da atención e no rendemento intelectual do alumnado, na adquisición de hábitos horarios semellantes á seguinte etapa educativa e á mellora da conciliación familiar. Neste último suposto é para o caso dos nenos e nenas que non fan uso do servizo complementario de comedor, xa que as súas familias terán maior facilidade posto que recollerán ao alumnado despois da última sesión, non tendo que traer de volta ao centro educativo ao alumnado despois de comer para a última sesión.

## Máis de 300 vivendas xa teñen a fibra de Adamo

A fibra óptica de Adamo xa funciona a beiras do río Miño. En concreto, son máis de 300 vivendas da Pastoriza as que contan, desde o pasado mes de xaneiro, con esta infraestrutura de alta velocidade.

Desta maneira, o operador ten instalada a súa conexión da internet ultrarrápido en 3 das parroquias que conforman A Pastoriza: Pousada, Piñeiro e Fonmiñá. Pero haberá máis despregamento, xa que Adamo prevé chegar ás outras 16 poboacións se existe demanda para iso por parte dos veciños do Concello. Ese elevado número de 19 núcleos -que á súa vez se subdividen en máis

entidades- ofrece unha idea das trabas ás que ten que facer fronte a compañía no seu crecemento, así como da tremenda dispersión que as vivendas presentan entre si.

O despregamento na Pastoriza, que conta co respaldo do seu alcalde, Primitivo Iglesias, enmárcase no exhaustivo plan de expansión que Adamo está a desenvolver na provincia de Lugo, que incluíu a instalación de fibra óptica en máis de 65.000 domicilios nos últimos catro anos. A eles sumaranse outros 14.000 ao longo de 2021 para redondear un total próximo aos 80.000 fogares na rede de Adamo.

**D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA**

**26 FEIRA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN DA COSTA**

2 e 3 de Abril de 2022. Vilalba (Lugo)

www.sansimondacosta.com

Logos for the Spanish Government, the European Union, and the Xunta de Galicia.

**mybike Lugo**

**NUEVAS INSTALACIONES**

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
www.my-bike.es

## Piden para o Encontro de Torneiros o título de Festa de Interese Turístico

Na última sesión plenaria de carácter ordinario celebrada en Xermade acordouse solicitar a distinción de festa de interese turístico de Galicia para o Encontro Internacional de Torneiros, que este ano 2022 celebra a súa XXII edición.

“Ao tratarse dun evento único en Galicia, no que se xuntan torneiros de relevancia internacional, dende o concello agardan que se acade este distintivo”, explican dende o Concello.

Tamén se aprobou o cambio de uso dunha parte da parcela na que se ubica a reitoral de San Pedro Fiz de Roupar, para executar un parque infantil. Esta parcela vai ser adquirida polo concello,

froito dun acordo co Bispado de Mondoñedo-Ferrol no que se inclúe a Reitoral de Xermade, pero con carácter previo debe segregarse a porción na que se ubica a reitoral. O parque infantil será executado con fondos do Plan Único 2022 da Deputación de Lugo.

Na parte de fiscalización e control, douse conta das subvencións solicitadas neste 2022 (entre elas o Plan Único 2022 da Deputación), así como dos envíos realizados á Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais do Ministerio de Facenda, entre eles o Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2021, que é de 16,93 días.

## Rematan a monitorización de catro depósitos de auga

O Concello de Xermade rematou os traballos de monitorización dos depósitos de abastecemento de auga potable nas parroquias de Momán, Xermade, Roupar e Cabreiros.

Estes traballos contaron cunha das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do Feder Galicia.

As obras consistiron en dispoñer de dispositivos autómatas nos depósitos existentes para a monitorización telemática do nivel de auga nos depósitos, a concentración de cloro, a lectura do parámetro do PH e do nivel de cloro no depósito.

O sistema está composto por un autómata ó que se conectarán os distintos sensores.

Colocouse un sensor de presión situado no fondo do depósito o cal



se conectou ó autómata para rexistrar os datos de nivel do depósito. Ademais, debido a que o sistema de dosificación presente nos depósitos atópase cun mal funcionamento e mal estado en xeral na actualidade, substituíronse os actuais, por equipos novos de regulación de cloro,

instalando unhas bombas recirculadoras da auga para o tratamento de dosificación e control do nivel cloro e pH da auga en tempo real.

Instaláronse bombas dosificadoras de cloro para regular a concentración de cloro presente nos depósitos. Os sensores de cloro e pH van conectados ó autómata para enviar os datos para a súa monitorización. Incluíuse unha sonda para ter constancia do nivel mínimo de cloro no depósito. Para a instalación da dosificación de cloro empregouse parte da instalación existente de fontanería, non tendo que facer obras na parede do depósito para acceder coas tubaxes ó interior do depósito.

Xunto con todo o sistema instalouse un sistema de alimentación ininterrompida para que o sistema siga en funcionamento en caso de fallo eléctrico durante 6-8 horas.

## Invistirán os cartos do Plan Único en catro lotes de obras

A Xunta de Goberno Local aprobou, entre outros asuntos, a participación do Plan Único da Deputación, que asigna ao municipio un total de 308.297,41 euros, dos cales se adica a investimentos o 66,89% (206.215,69 euros).

Así, serán catro lotes de obra os que se leven estes investimentos. 64.464 euros irán para a reparación de estradas en Xemaré, Protovelo, Cerracín-Pingaroa, Pingaroa, O Ba-

rreiro, Golpilleira, etc. Outra partida de 58.731 euros irán para a reparación de estradas en A Pena, Roupar, Azoreira, O Empalme, Casanova, Leboré, Reguengo, Castiñeiras e A Touza. Esta obra será completada con 15.325 euros de aprotación municipal.

Para a área de xogos infantís de Roupar irán 58.671 euros e para a construción do depósito de reserva anti-incendios en Xermade 21.348 euros.

Ademais, das obras, está previsto o pagamento do SAF, por un montante total de 23.403 euros e outra partida para o programa de fomento do emprego a través de Depuemprego, un total de 59.578 euros.

Tamén haberá achegas para actividades culturais e deportivas, como os 6.000 euros que se destinan á organización do premio Xermade na Historia e as Xornadas Interxeracionais de Cabreiros; a mesma cantidade que recibirá o XXII Encontro de torneiro de madeira.

4.000 euros irán para o equipamento do persoal de Protección Civil; así como outros 3.100 para dúas convocatorias deportivas, a Copa Concello de Xermade e a Carreira Popular, que recibirán 3.100 euros en total.

## O PP urxe a limpeza da finca dos Patelos



O Grupo Municipal Popular urxe ao goberno local a acondicionar a finca dos Patelos que, “ademais de proxeccionar mala imaxe nun lugar tan visible preto dunha estrada de acceso á capitalidade municipal, a que une Candamil e Xermade, non cumpre coa normativa sobre a correcta xestión de residuos”.

Os populares levaron unha iniciativa ao último pleno municipal para que o Concello limpe e retire o lixo acumulado nesta finca municipal habilitada como punto de recollida de plásticos agrícolas, pero que “nos últimos tempos se usa como depósito de todo tipo de materiais, de obra e de escombros”.



# Investirán no centro de saúde o Fondo de Compensación

O Pleno de Muras aprobou o reparto de cartos do Fondo de Compensación Medio Ambiental e do Plan Único da Deputación, que irán para distintos proxectos.

Así, con cartos do Fondo realizará este ano a traída de augas aos Campos e A Susana, no Viveiró, e tamén ao lugar do Mouriscón, na parroquia de Ambosores, unha das poucas nas que aínda non levaron este servizo. Na primeira destas accións investiranse 55.620 euros e na segunda 69.518.

Tamén se realizarán varias accións vinculadas á eficiencia enerxética como levar o alumado público a aquelas zonas onde aumentou o padrón, que ten un orzamento de 9.874 euros.

Finalmente o Concello destinará 283.741 deste fondo a realizar as obras de urxencia que se deman-

dan para o centro de saúde, “devido a falta de compromiso da Xunta”, segundo explicaron dende o Concello. Así realizaranse reparacións da cuberta, a fachada e aqueles puntos que provocan goteiras e filtrado de aire no interior do edificio.

Tamén acometerán obras no centro de interpretación medioambiental de Muras por valor de 58.670 euros entre as que figuran a renovación da lousa da cuberta e das fiestras.

O orzamento do Fondo de Compensación a investir en Muras ascende a 507.335 euros no que tamén haberá unha partida para a contratación de catro peóns forestais e un técnico medioambiental.

**PLAN ÚNICO.** Con respecto ao Plan Único, o Concello de Muras destinará 29.500 euros ao Servizo de Axuda no Fogar, 39.162 para emprego,

6.000 para o Trail das Bestas e outros tantos para a Feira do Mel de Montaña.

Así mesmo, teñen previstos tres proxectos como o arranxo vías municipais, que teñen un orzamento de 159.170 euros para o asfaltado e limpeza.

Por outra banda, realizarán o subministro e instalación de sinalización turística do starlight e a rehabilitación de barandas por 35.285 euros así como a colocación de suxeitacontedores, que contarán con soleiras de formigón e soporte para os cubos, todo por 82.209 euros, unha medida que se ampliará a todas as parroquias.

Estas obras que se financiarán co Plan Único teñen un orzamento total de 357.327, dos que a Deputación pon 280.064 e o Concello 73.263.



## Contra a mina de San Acisclo

O Sindicato Labrego Galego Galego, a asociación Petón do Lobo, Fundación Montescola, e Ecoloxistas en Acción Lugo, canda outros colectivos da Rede Galega Contra a Minería destructiva da Galiza, Contraminación e entidades e asociacións ambientalistas da Terra Chá, como Espazo Agroecolóxico, A Estruga e Terra Chá Sostible, veñen de presentar alegacións contra a aprobación do proxecto de explotación e o plan de restauración da explotación de

San Acisclo.

Indican que este proxecto presentado para a extracción de feldespato é idéntico ao denegado pola Xefatura Territorial o 31/10/2019, pero visado en distinta data, explican o SLG.

Afirman que está “plagado de irregularidades”, e non conta tan sequera con avaliación ambiental. Engaden que a ampliación mineira presentada proxéctase plenamente na zona de ampliación de Rede Natura, coas múltiples afeccións que isto suporía.

## Muras volve contar co servizo completo na biblioteca

O Concello de Muras relanzou a súa biblioteca municipal ao finalizar o proceso de contratación dunha nova responsable desta infraestrutura, situada nas instalacións da casa consistorial. Lidia é a nova responsable do servizo, que estrea tamén horario actualizado, de luns a venres de 16.00 a 20.00 horas

Este novo servizo abriuse co financiamento do Plan Único e permite ofrecer un servizo completo de información bibliográfica, lectura de sala, zona de estudo, préstamo a domicilio, uso de ordenadores e uso público e gratuíto da wifi.

## Organizan o día 12 un obradoiro de horticultura

Na mañá do sábado 12 de marzo Muras acollerá un curso co título Horta na casa, que terá lugar na Casa do Médico a partir das 10.00 horas e ata as 14.00.

Serán 4 horas moi ben aproveitadas con nocións básicas para tirar o máximo proveito das hortas, un luxo con apuntamentos sobre técnicas de aplicación práctica e sobre implantación de cultivos hortícolas e o seu coidado.

As prazas están limitadas polo que é preciso anotarse con anterioridade no 982 500 001.

## En exposición pública, o inventario de camiños

Está en exposición pública o Inventario de Camiños Municipais, que se extenderá durante un mes con data límite o 25 de marzo.

Durante este prazo, o documento pode ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que formule alegacións ou reclamacións no caso de consideralas pertinentes. Así mesmo, a través da ligazón <https://muras.sedelectronica.gal/>

info.1 o contido será accesible mediante un Visor Web.

O Inventario de Camiños Municipais será o instrumento que resolva as carencias ata agora existentes e aclarará de forma definitiva os criterios de posesión e titularidade. Unha vez sexan resoltas todas as alegacións e consultas presentadas a este período de consultas, o expediente será elevado ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

## Ampliado o prazo para solicitar as axudas da luz

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, anunciou mediante un bando que se ampliou o prazo para solicitar, un ano máis, as axudas ao pago da factura da luz, que foron aprobadas no mes de xullo polo Pleno. O Concello destinará a este capítulo un total de 90.000 euros. Así, poderán solicitarse ata o día 15 de marzo.

Nesta ocasión, ofrecen unha liña continuísta coas axudas outorgadas o ano anterior. Así haberá de novo dúas liñas de axudas, unha desti-

nada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. Para chegar á máxima cuantía o tope en fogares será con rentas inferiores a 15.000 euros.

**Charanga**  
JOGGING  
SPRING 2022

AVDA. DE A CORUÑA, 39 - LUGO. ☎ 982 256 484 / 648 739 473  
[www.charanga.es](http://www.charanga.es)

DEDE 1944  
**QUESERÍAS  
DEL EUME**

A ZOCÁ

A FAEIRA, S/N 15325 AS PONTES (A CORUÑA)  
[www.queseriasdeleume.com](http://www.queseriasdeleume.com)

## O IES Pedregal de Irimia organiza o II concurso de fotografía

O IES Pedregal de Irimia de Meira vén de convocar o II Certame Fotográfico que terá como temática central os lugares que inspiraron a obra poética de Avelino Díaz ou relacionados coa súa biografía.

O concurso divídese en catro categorías desde 5º de Educación Primaria do Ceip Avelino Díaz de Meira ata adultos (ex-alumn@s, ex-traballadores do centro e familiares, veciños e amigos do actual alumnado).

Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, sendo es-

tas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso.

As fotografías non poderán ser alteradas electronicamente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fottomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade.

Entregaranse ao correo electrónico bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com. O prazo de entrega rematará o día 29 de marzo de 2022.

## riotorto

## O PSOE pide que se priorice a atención ás persoas maiores e con mobilidade reducida

A Agrupación Socialista de Riotorto denuncia que o Concello non está prestando ningunha axuda social á familia a que se lle quemou a vivenda no lugar de Cachán, o pasado sábado día 12 de febreiro, e onde vive unha muller encamada de avanzada idade xunto co seu fillo.

“Dende a Agrupación Socialista de Riotorto podemos comprobar que esta familia non está recibindo ningún tipo de asistencia por parte dos servizos sociais do Concello, tal e como anunciou o propio Alcalde, ao que lle gusta moito saír nos medios, pero despois rascamos e resulta que non hai absolutamente nada de nada sobre o que afirma. Ademais hai que puntualizar que a

única asistencia coa que conta esta veciña, esta pagada do seu propio peto”, din.

Por iso emprazan ao Concello, da man dos servizos sociais do Concello de Riotorto, para que priorice as demandas das persoas maiores da vila, “especialmente das persoas que teñen mobilidade reducida e non poden valerse por si mesmas, xa que precisan moita axuda e atención”.

“Dende o PSOE de Riotorto cremos que o coidado aos nosos maiores debe ser unha prioridade nas políticas do noso Concello, por iso vamos a seguir reclamando e insistindo para que se mellore a calidade de vida da nosa veciñanza”, din.



**E. S. POLÍGONO**

R/ Maciñeira - Esq. Cerdeira, PC30 - Pol. Sete Pontes, 27800 Vilalba  
Tfno.: 982 513 683 / 629 847 744

## O Ceip Avelino Díaz aproba a xornada única



O CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira aprobou o cambio á xornada única que entrará en vigor o próximo curso. O 71,6% das familias do colexio respaldaron o cambio. Dos 127 electores posibles do centro, votaron 114, o 89,7% e deles 91 escolleron o cambio de xornada. Ademais, votaron en contra 23. Para que a xornada única fora aprobada era necesario o acordo o 58% do censo dos pais, nais e titores legais dos alumnos.

O cambio de xornada proposto polo centro practicamente non implica cambios no horario de

entrada e saída do centro nin tampouco nos servizos de transporte e comedor. O horario de entrada do centro adiántase 5 minutos, ás 9.10 horas, e rematarán ás 14.10 antes do xantar. Os que queden a xantar terán este servizo ata as 14.45, cando darán comezo diferentes actividades para os que o desexen, os que no e teñan que esperar ao transporte, terán o seu propio lugar. O bus volverá ás casas ás 15.45 como agora.

O cambio implicou un reaxuste dun descanso que había no medio das horas lectivas que pasa a situarse despois de xantar.

## Convocado o V concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a quinta edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberta a toda a poboación e co obxectivo de loubar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en adiante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os demais só na de poesía. No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas deberán estar escritos en galego, cunha extensión mínima de oito versos e unha máxima de 80, con Arial 12pt.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou



libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o seguinte unha tablet e os adultos terán un premio económico. 300 para o gañador, 200 para o segundo e 100 para o terceiro.

O fallo do xurado darase a coñecer o 30 de maio e a entrega de premios será o 11 de xuño, no salón de plenos do Concello, ás 19.00 horas.

## A obra 'Libre como os paxaros' represéntase na casa da cultura

A Vicepresidencia da Deputación levará a obra teatral *Libre como os paxaros* de Teatro do Atlántico a Meira e outros concellos durante os meses de marzo e abril. A xira polas comarcas desta obra, artellada en base a textos da propia Rosalía de Castro, forma parte do programa posto en marcha pola área de Cultura o pasado 23 de febreiro, co que puxo a disposición de concellos e asociacións diversas propostas culturais sobre a figura e obra do poeta. En Meira terá lugar o 14 de abril ás 19.00 horas Casa da Cultura.

A vicepresidenta Maite Ferreiro sinalou “o gran interese que concellos e asociacións amosaron por acoller as propostas formuladas desde a área de Cultura arredor de Rosalía e especialmente por esta obra teatral que nos guía pola súa literatura e pensamento, constatando a súa vixencia” e explicou que “configuramos o calendario procurando que a obra se represente nas distintas comarcas e apoiando a consolidación dunha oferta cultural en galego, baseada en referentes culturais propios, que chegue a todo o público”.

## En trámite, o rexistro do monte Candedo como autóctono

Están xa en información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de dous montes da provincia de Lugo, o Candedo, en Meira, e o monte veciñal de Murias, en Navia de Suarna.

No caso do monte de Candedo, propiedade da sociedade de fomento forestal que leva o mesmo nome, inscribíranse 17,6 hectáreas compostas por unha mouteira de bidueiros. Calquera persoa física ou xurídica poderá examinar no Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Medio Rural de Lugo os documentos correspondentes a estes expedientes de inscrición, podendo presentar as alegacións que estimen oportunas nun prazo de dous meses.

Cabe sinalar que, na actualidade, xa existen 34 masas inscritas no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas: 13 en Lugo.



**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformacións agrarias  
Desbroces y plantacións de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13, 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



**SERVICIOS AGROFORESTALES SEOANE**



## A Deputación licita a prestación dos servizos da residencia de maiores

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación do contrato para a prestación dos servizos básicos nos centros de atención a maiores de Pol e da Fonsagrada por un importe conxunto que supera os 1,4M€. Así o explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que detallou que no caso de Pol o importe ascende a 750.780 euros, e para A Fonsagrada é de 653.820 euros. García Porto explicou que cada un deste contrato, que inclúa os servi-

zos de cociña, limpeza e asistencia, terá unha duración dun ano, dende xuño deste 2022 a xuño de 2023, coa opción de tres prórrogas anuais. A Deputación aproba esta nova licitación para a prestación de servizos básicos nos centros de maiores de Pol e da Fonsagrada porque neste 2022 conclúe a vixencia do contrato que está en vigor.

O Centro de Atención a Maiores de Pol leva funcionando dende o ano 2019, e o da Fonsagrada, dende principios do ano 2020.

## Gran éxito da exposición de mobles restaurados nun obradoiro



A Caseta da Carballeira de Pol acolleu durante unha fin de semana unha exposición de mobles restaurados durante os cursos organizados pola Asociación de Mulleres Rurais Olvido de Pol. Unha mostra na que tamén se degustaron os produtos típicos de Entroido.

Tres días de exposición para mostrar o traballo realizado en madeira e ferro durante os catro

meses nos que se desenvolveu o curso de restauración no Concello.

Esta exposición realizouse co dobre obxectivo de mostrar a calidade dos traballos feitos así como animar ao resto de veciños a participar nestes cursos formativos. A mostra serviu de clausura do curso deste ano, pero xa están preparando unha nova edición para cando sexa posible.

## Os orzamentos municipais superan a exposición pública sen alegacións

Tralo tempo en exposición pública sen alegacións, quedaron aprobados os orzamentos en Pol para o ano 2022, que ascenden a 2,789.736 euros.

No desglose de capítulos, o Concello destinará do total 1.668.976 a gastos correntes mentres que 1.066.331 irán para investimentos reais, é dicir, obras que se financiarán directamente dende o Concello.

No capítulo de gastos destacan os 1.080.595 euros que se destinan a gastos correntes en bens e servizos e os 121.900 a transferencias correntes. Por outra banda tamén contan con 458.000 euros para o pago de gastos de persoal.

No capítulo de ingresos, a contía principal vén dos correntes, con 1.955.339, dos que 887.939 son de transferencias correntes, 560.400 euros de taxas e prezos públicos e 439.000 de impostos directos. Ademais, desglosa un apartado de 834.441 euros de transferencias de capital.

**CURSO DE FOTOGRAFÍA.** A Casa Chaín de Cirio, acolle o sábado 12 de marzo un curso de fotografía dirixido a aprender técnicas de toma de imaxes na natureza para saber captar a paisaxe, utilizando a composición, a luz, o enfoque e os filtros. A sesión terá lugar de 10.00 a 14.00 horas e a formación estará ao cargo da fotógrafa Bego Pérez. As prazas para esta sesión son limitadas e necesitan inscrición previa no teléfono 655 359 305 e no correo info@casachain.es.



**HR**  
Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

# DEPUTACIÓN

## Consenso das deputacións para destinar os fondos europeos ás estradas

O presidente da Deputación de Lugo participou no pleno da Comisión de Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) celebrado na cidade de León, un encontro no que houbo consenso en torno á reivindicación de Tomé Roca de habilitar fondos europeos para mellorar a rede de infraestruturas provinciais, así como da capacidade das deputacións para xestionar estes recursos económicos conseguidos polo Goberno de España para recuperación da pandemia da covid-19 e que, deste xeito, sexan realmente útiles para a cidadanía, sobre todo no mundo rural.

Neste sentido, a Comisión de Deputacións acordou enviar unha carta ás Comunidades Autónomas e ao Ministerio de Transportes solicitando que as deputacións reciban un 15% dos recursos da UE que xestiona o Estado e outro tanto dos transferidos ás autonomías para destinalos ás redes viarias provinciais.

## Tomé toma posesión como presidente lucense do PSOE

José Tomé Roca foi proclamado Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo no IV Congreso Provincial socialista que se celebrou no hotel Torre de Núñez baixo o lema *Lugo Avanza*. Tomé Roca asegurou que deste congreso “os socialistas saímos unidos e máis fortes para darlle un novo impulso ó Partido Socialista na provincia, para seguir medrando, para seguir ampliando a representación institucional e para seguir mellorando a nosa provincia e a vida dos nosos veciños e veciñas. A provincia necesita máis Partido Socialista”.

Dende un “bo punto de partida”, pois o PSdeG goberna a día de hoxe para o 65% da poboación lucense, con 27 gobernos, catro cogobernos, e a Deputación de Lugo, o Secretario Provincial situou como obxectivos “consolidar as alcaldías que temos, conseguir outras novas nas que temos clarísimas opcións, manter a Deputación e, con toda esa forza municipalista, axudar a renovar o



Goberno de España e a recuperar o Goberno da Xunta de Galicia, que tanta falta lle fai a este país”.

Para continuar avanzando e lograr estes obxectivos, Tomé Roca establece no plano orgánico unha serie de medidas, que coinciden ademais co que lle foi trasladando a militancia nos encontros Camiñamos Xuntos que mantivo nas últimas semanas por toda a provincia para preparar o Congreso. “Iso é moi bo, porque

así é máis fácil remar todos e todas na mesma dirección”, afirmou o Secretario Xeral, explicando que, “para empezar, concordamos na unidade, en que queremos un partido unido porque iso é forza. E, neste sentido, creo que empezamos ben porque, gracias ao diálogo e ao acordo, houbo unha única candidatura á dirección do partido na provincia, e o compañeiro Xosé María Arias integrouse nesta candidatura”.

## Preparada a segunda tempada do programa Saborea a túa provincia

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a segunda edición do programa Saborea a túa provincia, unhas xornadas gastronómicas e lúdicas coas que busca promocionar e incentivar o consumo dos produtos de proximidade, como fórmula para dinamizar a economía dos concellos e para axudar na recuperación da hostalería, do turismo, do comercio e dos pequenos produtores, que viron moi mermada a súa actividade pola pandemia.

Igual que o ano pasado, no que o programa tivo moi boa acollida con 200 visitantes, o Saborea a túa Provincia celebrase ao longo do mes de agosto de xeito itinerante en 9 concellos da provincia e contará cun orzamento de 100.000€. A diferenza da edición do 2021 terá un formato máis dinámico, con programacións de media xornada, pero mantendo os principais atractivos do Saborea: a música, as demostracións culinarias, as degustacións e as actividades para os máis pequenos.

## O Pleno reclama á Xunta unha atención bancaria para os maiores

A Deputación reclamará á Xunta de Galicia que se implique na defensa dunha mellor atención bancaria para as persoas maiores. Así o acordou o Pleno da Corporación provincial coa aprobación dunha moción do grupo do PSdeG, que contou co apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

A proposta socialista parte das reclamacións da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Lugo sobre cuestións transversais como a necesidade de ampliar horarios de atención ao público das oficinas, garantir a atención presencial a maiores que non contan con competencia en medios dixitais, ou medidas de seguridade nos caixeiros; pero fai corresponsable á Xunta pola súa inacción. Concretamente, a institución provincial instará ao Goberno galego a mostrar o seu respaldo ás reclamacións de mellora na atención bancaria formuladas polas plataformas da terceira

idade e do rural; a tomar medidas para garantir a presenza de sucursais bancarias en tódolos concellos da provincia; a primar as operacións con aquelas entidades que garantan a prestación de servizos bancarios dun xeito adecuado; a excluír da participación na xestión dos fondos de reconstrución a aquelas entidades que non cumpran estas condicións; e a elaborar unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas a non quedar excluídos da prestación dos servizos básicos de carácter financeiro. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, argumentou que “subvencionar a instalación de caixeiros nos concellos onde non hai oficinas bancarias non é a solución”, que son moitos os maiores que non son quen de desenvolverse coa banca dixital e que a perda dos postos de traballo

no sector supón xa o 27,5% desde o 2008, con máis de 5.000 empregos destruídos.

Concellos como Negueira de Muñiz, O Páramo, Ribeira de Piquín e Samos carecen xa de oficina bancaria no seu municipio e no caso de Samos, isto supón un prexuízo para os veciños, pero tamén para os moitos peregrinos que pasan pola vila.

**FONDOS COVID.** A institución provincial tamén pedirá explicacións ao Goberno galego por deixar sen executar o 30% -220M€- dos fondos Covid, duplicando a porcentaxe media doutras comunidades autónomas. “Feijoo non foi quen de chegar ás pemes, ós autónomos, ao comercio ou á hostalaría todos os recursos que o Estado lle transferiu para frear o impacto da covid nes sectores”, denunciou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Por-



to, que reprochou tamén que o Presidente da Xunta cargase con gastos extraordinarios ás facendas locais ou que non contratase máis persoal sanitario cando colapsaron a Atención Primaria e as Urgencias.

De acordo á proposta socialista, a Deputación reclamará que o presidente da Xunta compareza nun pleno extraordinario do Parlamento para dar explicacións sobre esta cuestión; que o goberno galego reactive o Pacto Local firmado cos concellos, avalíe ca Fegamp a pegada extra da covid nas facendas locais e determine as fórmulas para compensar ás admi-

nistracións locais polo gasto extra asumido durante a pandemia; e a creación dunha Mesa de Seguimento da xestión dos Fondos de Recuperación, que conte ca representación de todas as forzas parlamentarias e na que estea representada tamén a administración local, para evitar que se manteña o baixo grao de execución actual.

O Pleno aprobou tamén unha moción do BNG para demandar á Xunta a normalización da asistencia en atención primaria, recuperando a atención presencial para todas as persoas que o soliciten e limitando as consultas telefónicas.

**gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo  
27800 Vilalba (Lugo)  
Tel. 982516550

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**  
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL  
Novas oficinas:  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba  
Tlf 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60  
ALÉN

# TERRA CHÁ

## Presentan o programa dirixido a garantir o dereito á vivenda

O Goberno concederá unha axuda de ata 10.800 euros para aqueles mozos e mozas que decidan adquirir unha vivenda para uso habitual en municipios de menos de 10.000 habitantes. Esta subvención tamén se estende á mocidade que opte polo alugueiro no lugar de comprar vivenda. Os beneficiarios e beneficiarias serán aquelas persoas que no momento de solicitar a axuda teñan 35 anos ou menos.

Isabel Rodríguez informou desta medida na Pastoriza, onde mantivo unha xuntanza, na Casa da Cultura, con alcaldes e representantes municipais da comarca da Terra Chá que entran dentro desta categoría de po-

boación. Na xuntanza tomaron parte os alcaldes de Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Xermade, así como a primeira tenente de alcaldesa de Guitiriz e o axente de desenvolvemento local do Concello de Muras.

A subdelegada puxo en valor un programa que “facilitará que a mocidade opte polas vilas e os pequenos municipios á hora de iniciar o seu proxecto de vida” e destacou o impacto que pode ter esta medida na nosa provincia na que “61 dos 67 concellos entran dentro desta categoría de poboación”.

Isabel Rodríguez explicou que o obxectivo que se fixa o Goberno con estas novas axudas é axudar a asen-

tar poboación nova nos pequenos concellos para frear o seu declive. Lembrou que o reto demográfico é una política transversal do Goberno de España, que se reflicte naqueles programas e medidas que teñen impacto sobre a poboación e o territorio como poden ser a vivenda, os servizos públicos e o impulso a actividade empresarial.

O programa de axuda ás persoas mozas para contribuir ao reto demográfico é un dos trece programas que forman parte do novo Plan estatal de Acceso á Vivenda. O seu obxectivo é atraer xente moza aos concellos máis pequenos, facilitando o asentamento de poboación.



Firma do convenio no vicerreitorado de Lugo

## Alianza de impulso ao rural entre a USC e os GDR

O Campus Terra da USC impulsa unha nova alianza a prol do desenvolvemento do medio rural e da mellora da calidade de vida das súas xentes ao abeiro do proxecto Nó rural, unha iniciativa na que a institución académica traballará con máis de 200 entidades e 95 concellos para a promoción nos seus respectivos territorios de actividades socioeconómicas, científicas e culturais, segundo se recolle no convenio asinado polo reitor Antonio López, así como por representantes de seis asociacións de desenvolvemento rural.

Participan nesta iniciativa as asociacións de desenvolvemento rural Seitura 22, que abrangue as comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegá, Miño e Vilarmador; a Comarca de Lugo, os GDRs da comarca da Terra Chá e A

Limia-Arnoia e Eurural de Tomiño, que abrangue 15 concellos da rexión do Baixo Miño e da mancomunidade de Vigo.

O establecemento dun marco de actuación axeitado para favorecer a colaboración entre a USC e as seis asociacións de desenvolvemento rural adheridas ao proxecto Nó rural constitúe o primeiro dos cometidos dun ambicioso programa que contempla a promoción de diferentes actuacións que resulten de interese para as partes. De feito, pretende alimentar o asesoramento mutuo en cuestións relacionadas co labor das entidades, ademais de impulsar a organización e execución de actividades comúns relacionadas coa investigación, a docencia e o desenvolvemento tecnolóxico.

## Aberto o prazo do concurso de Igualdade de Mondoñedo

O CIM de Mondoñedo recupera este ano o seu tradicional concurso Debuxando en Igualdade, dirixido ao alumnado de Primaria, Secundaria e Bacharelato dos centros educativos dos concellos de Mondoñedo, Abadín, Lourenzá, A Pastoriza e Riotorto. O traballo consistirá nun debuxo en soporte cartolina de tamaño mínimo DIN-A4 e máximo DIN-A3, podendo utilizarse todo tipo de técnica e sen limitación de número de cores.

No caso de que a obra leve incluído un slogan ou lema, este deberá ir redactada en idioma galego.

Os traballos serán entregados á persoa que o centro escolar designe e a data máxima para presentalos é o venres 25 de marzo de 2022, incluído, data a partir da cal serán recollidos por persoal do CIM. O fallo do concurso farase público o día 31 de marzo de 2022 a través dos medios habituais.

Haberá dous premios por cada categoría.

## Vilalba e As Pontes son centros pioneiros en ter Plan Local de Saúde

Os centros de saúde de Vilalba e As Pontes foron os primeiros de Galicia en firmar os seus Plans Locais de Saúde 2022-2025, que “identifican as necesidades específicas de cada centro sanitario e definen as solucións para mellorar a saúde da poboación e tamén a experiencia do paciente” en cada servizo de Atención Primaria.

Ademais de Vilalba e As Pontes, rubricaron o seu plan os de Elviña, Os Mallos, Santa Comba, Teo, A Estrada, Caranza, Xinzo de Limia, Castro Caldelas, Cambados, Virxe da Peregrina, Sárdoma e Lavadores. O conselleiro, Julio García Comesaña, puxo en valor o compromiso dos grupos de traballo que sacaron adiante estes primeiros plans locais, que “sitúan a Galicia no cami-

ño para marcar o cambio de modelo en atención primaria”.

Comesaña explicou que un plan de saúde local é un documento estratéxico “vivo, aberto e participativo”, que se presenta como a mellor radiografía da saúde da poboación e que servirá como guía para planificar todo aquilo que poida mellorar a calidade de vida do paciente. Así mesmo, o conselleiro valorou que “son 14 plans para 14 realidades diferentes” e que foron elaborados polos profesionais de cada centro, “os que máis e mellor coñecen as demandas do seu servizo”.

Asemade, neles recóllese un compendio de accións e medidas concretas co fin de acadar uns obxectivos adaptados á realidade de cada servizo de atención primaria.

## A nova tempada de pesca fluvial comezará o 20 de marzo

A tempada de pesca deste ano en Galicia comezará o vindeiro 20 de marzo e rematará o 31 de xullo. Así, no caso concreto do salmón, o período hábil abranguerá desde o 1 de maio ata o 31 de xullo, pero poderán adelantarse o remate da tempada en función das capturas. Nos tramos compartidos do río Eo e nos coutos do Ulla, o fin será o 30 de xuño.

A cota de captura establécese nun

exemplar por persoa e xornada, cunha dimensión mínima de 40 centímetros (45 cm nos coutos compartidos con Asturias). A ratio anual no río Ulla queda fixada en 30 exemplares; no Mandeo os exemplares serán 5; no caso do río Masma a cota é de 15 salmóns; no Miño fíxase en 8; e no couto de Salmeán, en 10. No resto dos coutos autorizados no río Eo non se establece cota anual de captura.

MEMBER OF  
**Dow Jones**  
Sustainability Indices  
In Collaboration with RobecoSAM

**Changing  
Tomorrow  
Now**

**ya llevamos 14 años  
cambiando hoy el mañana**

edp.com

# DEPORTES

## “Somos un club pequeno e familiar e todos temos sentimento de pertenza”

**David Pena é adestrador do primeiro equipo do Concello de Begonte e tamén coordinador da base**

**Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?**

O Concello de Begonte FS nace no ano 2012 competindo naquel entón cun equipo na chamada Liga Provincial (agora 1ª Autonómica). Era un grupo de amigos no que se buscaba simplemente facer algo de deporte, xuntarse e desfrutar. Pero pouco a pouco os resultados foron acompañando e o equipo ascendeu á categoría galega, a Preferente Galicia onde botou varios anos acadando a permanencia.

Na tempada 2015/2016 levouse a cabo un cambio a nivel de corpo técnico, xogadores e directiva e o equipo acadou o segundo posto en liga que non lle foi suficiente para obter o ascenso á categoría nacional (por aquel entón ningunha en mente) pero si logrou a clasificación por primeira vez na historia do club para disputar a Copa Xunta de Galicia.

O salto definitivo produciuse na tempada 2016/2017 na que se incorporan á estrutura do club a sección de fútbol sala das Escolas Deportivas Municipais do Concello de Begonte. Isto permitiu incorporar varios equipos seguindo unha mesma metodoloxía de adestramentos co obxectivo de nutrir no futuro ó equipo sénior de xogadores da base, e funcionou, xa que na tempada seguinte, na 2017/2018 conseguíuse o ascenso á Terceira División Nacional cun papel importante destes rapaces que subían das categorías inferiores.

Na tempada 2016/2017 incorporouse ó club a sección feminina, competindo por aquel entón na Liga Provincial. A tempada 2017/2018, ademais do ascenso de categoría

do equipo sénior masculino, trouxo tamén a participación en Liga Galega por primeira vez do equipo xuvenil acadando a permanencia.

Despois de varias tempadas nas que se seguiu traballando para medrar, a tempada 2020/2021 foi a de maior importancia a nivel competitivo do club. O sénior masculino acadou o segundo posto en liga e disputou o Play Off de ascenso á 2ª División B por primeira vez na súa curta historia, o equipo senior feminino competiu tamén por primeira vez na Liga Preferente Feminina e o equipo xuvenil disputou a Liga Nacional Xuvenil. Este ano o sénior masculino segue a competir en Terceira División Nacional, o senior feminino en Liga Preferente e o xuvenil en Liga Galega xuvenil.

**De que logros se sienten máis orgullosos?**

Se respondo a nivel persoal diría que me sinto orgulloso de todo o que, co traballo de moita xente e co traballo dos adestradores e adestradoras da base, se construíu ó redor do Concello de Begonte Fútbol Sala. Conseguimos poñer o nome de Begonte no mapa a nivel deportivo e somos un club que está en crecemento. Somos un concello pequeno no que o trato é moi cercano, o día a día e a relación persoal cos pais, nais e familiares dos nenos e nenas é continua e iso fainos ser diferentes. Somos unha pequena familia.

**Cantos equipos e cantos xogadores e tedas actualmente?**

Na actualidade contamos con 13 equipos. Un equipo biberón, un prebenxamín, un benxamín, dous alevíns, dous infantís, un cadete,



David Pena e un dos equipos da base do Concello de Begonte FS



un xuvenil, dous sénior femininos e dous sénior masculinos. Movemos ó redor de 120 persoas.

Temos varios equipos competindo a nivel galego, outros a nivel local e outros a nivel escolar ademais do sénior masculino que compite a nivel nacional.

**Que valoración fai da tempada? Que obxectivos hai?**

Despois de todo o que pasamos coa covid-19 a valoración ten que ser positiva. Tivemos varios gromos e por sorte ningún deles foi grave nin para xogadores/as nin para as súas familias. Isto é o que temos que valorar como positivo xa que é o realmente importante.

Se falamos a nivel deportivo temos que diferenciar os equipos de base dos equipos sénior. A valoración dos equipos de base é moi positiva xa que os nenos e nenas conseguiron entender que por encima dos resultados está a formación, é o que nós queremos primar e non nos importa perder xa que á larga, gañamos. Conseguir que se entenda isto é moi complicado, a veces tamén para os propios pais e nais, a todos gústanos gañar. Se falamos dos equipos sénior a valoración tamén é positiva, o feminino ten o obxectivo da permanencia e están en boa situación para conseguilo e o masculino, co mesmo obxectivo atópase na parte media-alta da clasificación co cal non podemos estar máis contentos. Temos que seguir traballando.

**É este un club cun gran calado social. Como se consegue iso?**

Sempre conto a mesma anécdota. Alá polo 2015 cando dirixín o primeiro partido do sénior masculino contaba 10 persoas na grada, todas elas familiares. Hoxe en día en cada partido do sénior masculino ou do feminino enchemos o pavillón. Como che dicía antes somos un club pequeniño e familiar, todos somos coñecidos e todos temos ese sentimento de pertenza. Da gusto ver os nenos e nenas das nosas categorías inferiores desfrutando dos partidos ou cando lles preguntas de que equipo son e che din: do Begonte!! A xente enganchouse ó club porque

o club traballa moito e ben para que todo saia o mellor posible e aínda que sempre se poden mellorar cousas, hai que felicitar a moita xente que está en segundo plano adicando horas da súa vida sen obter ningún beneficio económico.

**Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?**

O primeiro proxecto ten que ser seguir mantendo o que hai na actualidade porque chegar ata aquí costou moitas horas, moito esforzo e moito traballo. Antes de seguir medrando, que tamén é importante, temos que garantir ese traballo de base que é o que nos dará o futuro.

Outros proxectos que tiñamos na recámara e que por mor da pandemia tivemos que paralizar é levar a cabo unhas xornadas formativas para adestradores e adestradoras en formato clinic ou similar ademais de un evento para porteiros e porteiras e algunha que outra novidade que queremos implementar na escola.

**E necesidades?**

A reforma do Pavillón Municipal de Baamonde é unha necesidade na que o Concello de Begonte xa está a traballar para poder resolver os problemas que temos de goteiras, condensación na pista, ampliación da zona de grada e construción de dous novos vestiarios entre outras cousas, pero arranxar todo isto é unha operación cun custe moi elevado. Necesitamos que se impliquen outras institucións para poder levar a cabo esta reforma.

**Contan con axuda para manter o club activo?**

Do contrario sería imposible. Temos que agradecer a todos os patrocinadores que temos o esforzo que para eles supón axudarnos coa súa aportación económica nesta época tan complicada, ó Concello de Begonte polo seu apoio incondicional en todo o que facemos e ofrecemos e como non, a toda a xente que como dicía antes, traballa dende a sombra para que todo saia ben.

**Que nos pode dicir da afección?**

Pódoche dicir moitas cousas e todas elas boas. Persoalmente sempre me trataron con moito cariño, pero

tamén ós xogadores e xogadoras do club. Viaxar por Galicia e sentirte como na casa é increíble, tiran do equipo en momentos complicados dos partidos, colaboran co club pagando o seu carné de socio/a, nunca nos reprocharon nada e sempre nos apoiaron, son a parte fundamental da familia do Concello de Begonte.

**Notaron un crecemento na afiliación nas bases?**

No último ano coa pandemia estancámonos un pouco pero creo que é común en todos os sitios. Nos vindeiros anos seguramente volvamos á normalidade e pouco a pouco seguiremos medrando, seguro.

**Ademais da competición programan outra serie de actividades. De cales se trata?**

Si, ata o de agora levamos a cabo varios torneos en épocas como o nadal, entroido, semana santa, etc. que tivemos paralizados nos últimos tempos polo tema da pandemia, pero que retomaremos seguro en canto se poida pero a actividade estrela é o Campus Mixto de Fútbol Sala e Campamento de Verán que organizamos tódolos anos.

Este ano alcanzaremos a quinta edición e cada ano contamos con máis demanda de prazas. É unha actividade que se realiza a primeira quincena de xullo e facemos moitas actividades de ocio e tempo libre, facemos excursións, imos á praia, facemos surf, talleres, xogos... e contamos coa visita de moitos xogadores, xogadoras e adestradores profesionais de fútbol sala.

**Que destacaría de positivo e negativo deste deporte?**

Deste ou de calquera deporte soamente podería dicir cousas positivas. Ademais dos beneficios físicos que nos aporta, os valores que se inculcan, os hábitos de hixiene, as relacións sociais, etc. consolidan un papel moi importante. Por dicir algo negativo, e algo común a todos os deportes, sería o exceso de fanatismo que a veces acontece nas gradas dos pavillóns. É algo que debemos eliminar e entender que todos formamos parte da mesma festa.

**TAHONA GURRÁS**

**Gestas almuerzo**

Un detalle ideal para cualquier tipo de celebración

**620417388**

## María Carballido mellora o rexistro nos 800 metros

Punto final para María Carballido na tempada de pista cuberta, coa súa presenza no Campionato de España Absoluto disputado en Ourense, e onde a representante friolesa lo-graba o seu mellor rexistro perso-nal cun crono de 2.13.22 minutos, que lle outorgaron a sexta posición na súa serie semifinal e o posto 23 do global da máxima competición nacional na proba dos 800 metros lisos. Esta é a segunda vez na súa carreira deportiva que Carballido toma parte nun nacional absoluto, o que demostra o bo facer da me-diofondista friolense.

Con anterioridade, na semana ante-rior, María acadara a oitava posición no Campionato de España sub 23 celebrado en Salamanca e onde tamén facía un rexistro de 2.13 minu-tos, marca que lle daba a posibilida-de de acudir á cita de Ourense. No Campionato Galego absoluto, cele-brado tamén en Ourense fai unhas datas, María Carballido tamén logra-ba a medalla de bronce na mesma proba dos 800 metros lisos, mentras que o seu compañeiro de equipo Cristian Montecelo acadaba a quinta posición na mesma proba cun tempo de 1.56 minutos.

## Abre o prazo para as axudas para entidades deportivas

Abriu o prazo de solicitude das axu-das da Vicepresidencia da Deputa-ción de Lugo a clubs e entidades de-portivas, que conta cun orzamento total de 500.000 euros.

Establécense dúas liñas de axuda: unha destinada a sufragar gastos derivados da actividade competi-tiva (material deportivo, vestimenta, transporte, gastos federativos ou de persoal, entre outros ), con achegas

de ata 5.000 euros, e outra destina-da á organización de eventos, con achegas de ata 2.000 euros.

As entidades deportivas dispoñen de 10 días hábiles para tramitar a so-licitude. Os formularios e as indica-cións sobre a documentación que se require en cada caso están dispoñi-bles na web [deputacionlugo.gal](http://deputacionlugo.gal), no apartado Subvencións e programas de axudas.

## Miguel Alvariño logra o récord de España en puntos nun clasificatorio

O pontés Miguel Alvariño logrou bater o récord de España ao acadar os 692 puntos nunha das se-rie de 2x70 metros en Madrid, no primeiro clasificatorio para o equipo nacional deste ano.

O pontés superou en tres puntos a anterior plusmarca nacional de arco recurvo masculino, que tiña Pablo Acha, compañeiro de se-lecciones nas últimas tempadas, e que firmara 689 puntos.

Alvariño amosa así un bo estado de forma para continuar coas competicións tras unha tempa-da, a dos xogos olímpicos de To-kiro, na que os resultados foron máis discretos do esperado.

“Cando tes paixón polo que fei-xes, rodéasche de xente que che quere e achega ao teu crece-mento deportivo, todas as pezas do quebracabezas encaixan á perfección. Sei que isto non será o único nin o último que logra-remos xuntos, aínda nos queda moito que gozar!”, dixo Alvariño. Afirmou sentirse “moi afortuna-do do equipo/familia que teño día a día ao meu lado, buscando a mellora constante, aprenden-



do cada día para que eu poida render ao máximo. Isto non sería posible sen o voso apoio incondicional. Eternamente agradeci-do”.

O deportista potén agradeceu o apoio dos seus seguidores e pa-trocinadores, “sen vós non tería a oportunidade de seguir ren-dendo ao máximo nivel”. Miguel Alvariño seguiu competi-endo nas seguintes citas deportivas, como Marina d’Or, Oropesa do Mar, no Campionato de España Absoluto de Arco Re-curvo en Sala.

## Aberto o prazo de inscrición para a VI Ruta BTT do queixo San Simón

O Club Ciclista tera Chá celebrará un ano máis a Ruta BTT Terra Chá do Queixo San Simón da Costa, que terá lugar o 2 de abril, coincidindo coa ce-lebración en Vilalba da popular feira. Nesta ocasión, a ruta desenvolverase entre os concellos de Vilalba e Muras e terá tres percorridos diferentes, de 35, 54 e 61 quilómetros. As tres probas contan con diferentes niveis de dificultade, así como características técnicas e físicas.

A saída e a chegada terá lugar na pra-za da Constitución de Vilalba onde se estará a celebrar tamén a feira con-vocados para comezar ás 9.00 horas e está previsto o seu final sobre as 14.00 horas.

A participación está aberta a todo ciclista maior de 15 anos, pero os menores deberán contar coa auto-rización paterna. Admitiranse un to-tal de 300 participantes. Esta pode realizarse a través da web [www.ccnorte.com](http://www.ccnorte.com), e finalizará o día 25 de marzo. O importe da inscrición é de 25 euros.

A organización facilitará avitualla-mentos sólidos e líquidos en distin-tos puntos do percorrido, reserván-dose o dereito a modificar o mesmo si por causas de forza maior, ou o bo desenrolo da proba así o aconsellan.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ABADÍN**  
Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

**A PASTORIZA**  
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

**AS PONTES**  
Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

**BEGONTE**  
Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

**CASTRO DE REI**  
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

**COSEPITO**  
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

**FRIOL**  
Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

**GUITIRIZ**  
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

**MEIRA**  
Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

**MURAS**  
Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

**OUTEIRO DE REI**  
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

**POL**  
Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

**RÁBADA**  
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**VILALBA**  
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

**XERMADE**  
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03  
/ 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**+** Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



### TELÉFONOS DE INTERESE

**TERRACHAXA**

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323


[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

# COLABORACIÓNS

## Talento literario desde A Chaira (II)

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**O**trece de maio do pasado ano presentábase no salón de actos da Deputación de Lugo a obra *Lareira de Soños*, un magnífico traballo realizado por Pastora Veres, veciña da emblemática parroquia dos Vilares, en Guitiriz. A autora, coa que compartimos profesión, valeuse dun cento de persoas para debullar a historia dos últimos cen anos do lugar, que ven sendo a historia da bisbarra e ata a da Galicia Interior. A lectura deste libro é

unha viaxe apaixonante ao longo do tempo, na que as historias e aventuras dos múltiples personaxes que nel saen, son toda unha lección do que era a vida desde principios do século XX ata a actualidade.

Unha ollada no índice é suficiente para ver as intencións do que pretende Pastora con esta publicación. Os dous primeiros apartados, *De quen vimos sendo* e *Os alentados que me quentaron* contextualizan por unha parte os escenarios principais, é dicir, a localización, *Os Vilares*, e pola outra a presenza da propia Pastora nese entorno e a evolución no mesmo, desde que nace ata a súa entrada na universidade, describindo á perfección como

era esa contorna familiar e veciñal. A continuación, o corpo do libro, *As vidas silenciosas*, no cal saen á luz as vivencias desas mulleres e homes, auténticos exemplos da cultura do esforzo, xa que desde puntos de partida con moitísimas carencias foron quen de saír adiante, superando atrancos, traballando arreo para un mellor porvir das súas familias. Calquera que lea *Lareira de Soños*, poderá identificar a moitas desas persoas, así como as súas circunstancias. A dureza da vida no campo, as lamentables mortes de nais durante os partos, a desgaleguización da escola e sobre todo, a emigración, son contadas por Pastora Veres con tal veracidade

que semella unha auténtica acta notarial. Así mesmo, explícanos o espírito innovador e emprendedor daquela xente que non se resignaba a vivir en malas condicións de maneira perpétua. *Os Vilares*, terra de trapeiros, e lugares próximos, teñen entre os seus fillos a auténticos profesionais e artistas que triunfaron en distintos campos, deixando pegada alá por onde pasaron. E iso non foi por casualidade. Existía unha motivación, onde renderse non estaba contemplado. Finalmente, tamén é significativo a alusión, necesaria, merecida e imprescindible que fai a escritora a Xermolos e á súa alma máter, o crego Alfonso Blanco. As últimas décadas de Guitiriz e

da Terra Chá non se entenderían sen a súa labor. E por suposto, o presente máis actual, onde sangue novo vilarego segue facendo parroquia e facendo País. Cómpre ler este libro, de principio a fin. No entando, permítome recomendar as últimas páxinas, coa carta de Xosé de Xacinto, nado a principios dos sesenta e residente en Barcelona. Non pode ser máis clarividente a exposición que fai da súa propia traxectoria, que é a de centos, a de miles de galegos, que marcharon, aínda que non de todo. Graciñas Pastora pola túa *Lareira de Soños*, escrita con ese talento literario chairego que estaba aí agachado sen darnos conta delo.

## O regreso do Chapulín

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

**M**ércores 27 de febreiro de 1991. Un Opel Corsa GT branco avanzaba a toda velocidade dende o centro de Madrid ate Leganés. Destino: Sala Universal Sur, concerto de Mano Negra. Xulio Puentes guiaba o coche con pericia, acompañado de tres amigos: o seu homónimo Villarino, Luismi Vázquez e quen escribe estas liñas. Foi unha “noite de acción”, das que non se esquecen nunca. Ao ritmo da patchanka (con k de kilovatios) conseguimos achegarnos ao escenario e lanzar a nosa consigna ao unísono: Vilalba!!! O cantante, Manu Chao, atendeu o noso berro e respondeu co micro do mesmo xeito, mentres o seu irmán Antoine fixo o propio cun toque de trompeta. Apoteose total!!! Eramos grandes admiradores de Hot Pants e Los Carayos, as anteriores formacións dos Chao, cuxos vinilos formaban parte do amplo repertorio discográfico que tiñamos nos pisos de estudantes que compartiamos en Madrid a finais dos oitenta. Sete anos despois, celebrámos en Compostela o triunfo

de Francia no seu Mundial de 1998, aínda que o noso corazón estaba dividido pola querenza brasileira, pois a súa selección chegara á final. Foi en A Feira das Mentiras, un espectáculo de cinco días no que cabía de todo: dende o circo da Caravane des Quartiers ao primeiro campionato do mundo de fútbolín, que contou coa presenza do seu inventor -Alexandre de Fistera- na entrega dos premios. Aquela iniciativa multicultural e alternativa tiña tres espazos ben diferenciados: Pulpo Fiction, para seguir os partidos do Mundial de fútbol; Aldea Terremota, para recrear o ambiente das romerías populares galegas; e A Feira Feira, dedicado á artesanía e ás tatuaxes. Facendo uso da miña capacidade de inmersión, aproveitei aquel evento para que me tataran no lombo un paxaro azteca, que me estampou un venezolano chamado Andrés, e que co tempo e cos retoques necesarios convertiuse na estrela de California dos Red Hot Chili Peppers. Esa decisión espontánea espertou unha especial complicidade co noso prezado Ramón Chao, alí presente, que aquela noite ensinoume a Mano Negra que tiña tatuada no brazo despois dunha viaxe por Colombia cos seus fillos e o resto da banda, o que lle valeu a reprimenda



de Manu en Aracataca: “Pá, no se te puede dejar sólo”. E levaba razón. Aquela noite con Ramón e a súa familia foi a consolidación dunha amizade que rubricamos anos despois en París, na presentación da edición francesa de Prisciliano de Compostela e na posterior fundación de Amigos de Prisciliano, unha rede cultural de pensamento altermundista que aglutina todas as características do universo Chao: un realismo máxico que non ten nada que envexar ao de García Márquez, co permiso do mestre Cunqueiro. Nunca esqueceré a final do Mundial 98, na que ao ritmo da música e da patchanka (“No llores mi vida no llores / Más lágrimas de colores / Llegó el Tramor con su tumbao...”) fixemos un tren encabezado por Manu, Pepe e Ramón Chao Rego, Sari, outros familiares e amigos como Xurxo Souto, Pinto d’Herbón e Marta Pérez, a Berta do Camiño de Prisciliano. Ironías da

vida, anos despois seguiría os partidos do Mundial 2018 -que tamén gañou Francia- na compañía dos meus fillos e varios colegas de profesión, sen esquecer aquel “tren de xeo e lume” que percorría hai vinte anos a noite meiga de Compostela ao son dos tambores da rebelión. Mais xa non estaba Ramón... Foise, pero segue connosco; vaia paradoxo. Manu Chao regresa agora baixo o sobrenome de ‘O Chapulín solo’, un proxecto acústico co que ofrecerá temas novos e de sempre sen perder de vista a ledicia, a loita e o compromiso que caracteriza a súa música. Deste xeito, recalará na compostelá Sala Capitol e na luguesa Sala Tebras cun total de catro actuacións, nun formato máis íntimo e persoal. As citas na capital galega serán os días 9 e 18 de marzo. E o domingo 13 e o martes 15 desprazarase a Lugo para subir de novo ao escenario

xunto a Lucky Luciano e Miguel Rumbao, que o acompañarán á guitarra e á percusión, respectivamente. Son os primeiros concertos de Manu en terra galega dende 2014, cando actuou por última vez en Reperkusión, o festival ourensán de Bemposta no que o músico se involucrou con actuacións durante tres anos consecutivos. “Cancións de rompe e rasca, rolas musicarias, mundos ao revés, ekivokadas vidas, veciñas do patio e malegrías, despedidas clandestinas, rúas e máis rúas, vodas e banquetes, enterros e malas vidas”. Así define o Chapulín Chao esta proposta, que supón o seu regreso a Galicia nestes concertos. Nunha longa conversa que mantivemos hai dez anos en Barcelona, pregunteille a Manu: “Cando teremos unha Feira das Mentiras en Vilalba?” Ao que me respondeu: “Encantado, que non sexa por ganas. Unha Feira das Mentiras con Corte Miragreira. Ou grandilocuente, con carpas para dez mil, ou ben unha romaría preto do río. Non ten por que ser masificada. Trátase de implicar a xente de boa vontade e con liberdade de pensamento”. Aquí o deixo, co desexo de que volva máis cedo ca tarde por Reigada -a terra do seu pai- para organizar unha foliada á beira do Madalena.

## As Tanxugueiras e as fronteiras españolas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**T**raídas pola Casa de Galicia de Santurtzi, as Tanxugueiras estiveron en Euskadi en xuño do 2019 e tamén recorren outros pobos do Estado, sendo ben recibidas en todos eles. Quezas por iso din na canción "Terra", que non hai fronteiras, pero en Benidor topáronse coa realidade de que iso non é posible neste reino borbónico, no que a corrupción campa as súas anchas en todas as institucións públicas, e na RTVE non ía ser menos. Sen entrar en quen deba gañar ou perder, quedou claro que influíron as fronteiras lingüísticas, ideolóxicas e económicas do Estado supremacista polo complexo que sente ante as nacións periféricas, ás que lles privan de que chegue unha canción no seu idioma ao Festival de Eurovisión. Prefiren perder a permitir que vaian alí cantando en galego, éuscaro ou catalá, como xa fixo Franco cando censurou a Serrat (que o ía facer en catalá) e puxo a Massiel para que o fixera no idioma do imperio.

Mentres nós entendemos, falamos e respectamos a súa lingua, os supremacistas pensan que si o saber non ocupa lugar, o non saber aínda debe ocupar menos, así que para non encher o seu pequeno disco duro presumen de non saber mais que un idioma e aínda nos chaman atrasados ós que tamén sabemos outro que non é o deles, como fixo unha señora a María da Fonte e a miña veciña contestoulle: "Ai señora, a atrasada será vostede, porque eu enténdolle todo".

Esta vez TVE, elixiu un xurado que tamén era parte, pois miraba mais polos negocios que tiña no tema que na calidade musical e por iso saíu gañadora a canción "SloMo", quizás a peor e sen dúbida a mais machista de todas elas, pero que contaba coa axuda do compositor Tony Sánchez-Ohlsson, un dos encargados do Festival e un clásico dos certames ligados a Eurovisión, que cobrará tamén os dereitos de autor por esa canción que lle pasou a Chanel. Deulle 51 votos o xurado no que estaba Miriam Bendited, amiga da cantante, que so foi apoiada por un 3,97% do voto do público e un 13,88% polo voto demoscópico. Sen embargo a das Tanxugueiras, recibiu 30 votos dese cuestionado xurado (os mesmos que lle deron o último clasificado, que nin sequer actuou), mentres que foi a mais votada polo público con un 70,75% e con un 14,59% do voto demoscópico, pero agora di o "Diario de



Sevilla" que o desvirtuado non é o xurado que fixo o chanchullo pola súa amizade coa cantante gañadora, senón o voto do público, porque seica votaron a favor das galegas todas e todos os independentistas do Estado, do que se deduce que debe haber moitos mais arredistas que unionistas nesta pel de touro, así que ese diario dinos que foi censurada ideoloxicamente, porque "...tras Terra latían as intencións de propaganda dos distintos separatismos en España, non so do galego". O problema está nas fronteiras que pon este Estado centralista ás nacións que non o temos, pois, aínda que partían como favoritas, sabíamos que non ía ser posible, por moito que pensaran as nosas cantareiras que España estaba preparada para ser representada con unha canción en galego. Esas infranqueables fronteiras tamén se notaron durante o desenrolo do festival polo comportamento dos presentadores. Xa facía desconfiar ver a actitude do defraudador de facenda e ex-ministro de Cultura de Pedro Sánchez, Màxim Huerta, cando non puido tolerar que o público coreara o nome de Tanxugueiras e quixo acalalo dicindo que iso sobra, o que teñen que facer os seguidores dos artistas é mercar os seus discos e acudir aos seus concertos. Tampouco foi menos o da súa compañeira Alaska, que chegou a insinuar que o galego é un idioma inventado, polo que alguén debía sacar da ignorancia a esa señora e informala de que o noso idioma foi inventado polos nosos antepasados moito antes de que eles inventaran o español; que estivo na corte de Castela antes que o castelán fora lingua literaria. Decía Uxío Novoneyra que mentres o castelán solo servía para escribir temas épicos, o amor e as cousas bonitas había que escribilas en galego porque era o idioma culto; habería que dicirlle que o único Rei Sabio que tiveron os españois escribía en galego. Pero eles son prepotentes cos débiles e violando as propias bases do concurso, preferiron unha canción en spanin-

glis e non en galego.

Elas perderon, pero obtiveron o recoñecemento moral de ser as gañadoras e as favoritas do público en todo o Estado e están orgullosas de habelo feito ben, non así ese xurado que representaba ó Estado e tan afastado do pobo como TVE, institución pública que puxo os medios para que se lucren empresas privadas. Souberon perder a pesar das escuras circunstancias que se deron e a súa dignidade e calidade humana quedan mais que demostradas ao pedir en Antena 3 que non se lle boicotee nas redes a Chanel. Sabíamos que todo estaba amañado e incluso María Eizaguirre, Directora de comunicación de TVE, tivo que recoñecer "deficiencias" no desenrolo do festival. Por iso estamos orgullosos e orgullosas delas, sabemos que foron as mellores e seguimos pensando que xa estaban derrotadas antes de empezar, polas artimañas urdidas por amizades e por intereses políticos que nada teñen que ver coa calidade musical, que era do que se trataba de valorar.

ELISARDO BARCALA



## Aos grupos de Whatsapp de pais cárgaos o demo

O PUPITRE



Julio Díaz

**D**esde hai tempo veño dicindo que hai un antes e un despois da creación dos grupos de Whatsapp de pais e nais nos nosos centros educativos. Estes grupos son xa parte da nosa vida cotiá como poden ser as actividades extraescolares, ou as mesmas avaliacións.

A fenda que existe entre familia e escola non se soluciona cun parche dixital, é preciso que os problemas se solventen nos espazos e tempo que se correspondan e non deixar ao azar das redes esta necesidade imperiosa de comunicación.

Pasamos do círculo á porta do colexio ou da cafetería da esquina aos grupíños de pais/nais en Whatsapp con todo o que supón un mal uso dos mesmos.

Whatsapp é unha boa ferramenta para que as familias do alumnado se comuniquen se se dá bo uso dela, é unha vantaxe e de moita utilidade para intercambiar información, impresións, novas do centro... pero dese uso pasamos a outros que xeran multitude de problemas: intentar ser a axenda diaria dos nosos fillos/as, críticas, insultos, difamacións ou calumnias aos docentes, a outros pais e nais ou aos propios alumnos/as, difusión de rumores...

Teño visto conversacións de Whatsapp que ninguén crería.



Rifas, murmuracións, recriminacións e ata ameazas con ir aos xulgados. Ben é certo que se na comunicación cara a cara poden xurdir malos entendidos, cando no grupo non se coñece verdadeiramente a moitos dos participantes é normal que se xeren conflitos, presuposicións e sobre todo mensaxes inoportunos ou incoherentes e mesmo nalgunha ocasión algún membro do grupo saca "o pé do testro" de mala maneira.

Desde que existen os "guasapeadores" hai un novo mundo da comunicación extraescolar onde o alumnado precisamente non participa e son os seus pais/nais os "artistas principais". E "pobre" daquel alumno/a cuxos proxenitores non pertencen a un grupo, estarán desinformados e serán obxecto de crítica do resto de integrantes do mesmo. Por iso, "estar hai que estar", pensan todos/as os pais/nais.

Ata hai uns anos a través do emprego do teléfono, de notas escritas, a hora de adestramento... eran a base de información entre os pais/nais. Logo instaurouse o correo electrónico e agora o Whatsapp, que ao instante fai chegar a moitas persoas a información: aniversario de Sara, colecta para o agasallo de Antón, Manu perdeu o libro, disfraces, lea no comedor, excursión do luns, o profe hoxe xa ves... estase pasando..., un chiste, unha acusación, un insulto...

As miñas recomendacións finais son as seguintes: nunca agrees a ninguén sen consultarlle antes, non todos/as os/as pais/nais queren estar no grupo. Se o grupo comeza a utilizarse de xeito inadecuado non sexas cómplice, intenta cortar esa actitude. Dirixe calquera queixa ou suxestión directamente ao profesorado, non trates de solventalo no grupo. Utiliza as canles oficiais para comunicarte co centro. Escribe soamente información relevante e evita a difusión de vídeos, fotos ou imaxes de docentes, pais/nais ou alumnos/as. Non compares as tarefas que levan os teus fillos/as coas dos seus compañeiros. Cada neno/a ten un ritmo diferente de aprendizaxe.

## DE RUTA EN RUTA

# As Pontes: As fragas da Ribeira e do Lostegal

Un roteiro circular de 19 quilómetros que percorre un dos espazos naturais máis relevantes da provincia da Coruña

**N**a localidade das Pontes atópase o roteiro de sendeirismo PR-G 147 As Fragas da Ribeira e Lostegal que é un roteiro circular de 19 quilómetros e de dificultade media debido a que ten continuas, aínda que pequenas, ramplas de subida e baixada, pero que se superan sen problemas.

O carreiro está ben sinalizado e non ten dificultades para seguirse xa que gran parte do percorrido ademais transcorre pegado ao encoro da Ribeira. O tempo no que se pode facer o roteiro é aproximadamente de seis horas e media.

Pode percorrerse en calquera sentido, e o inicio está no parque do Eume situado á beira do Poboado do Barreiro, pero si se comeza en sentido contrario ás agullas do reloxo afrontárase a máxima pendente ao inicio e con plenitude de forzas.

Comezando no Parque da Fraga subírase ata o monte Alto da Carballeira a 667 metros dende onde pódese divisar unha magnífica paisaxe da vila e do re-

centemente formado lago das Pontes.

No descenso a senda penetra na Fraga do Lostegal e unha densa mata de carballos, acivros e loureiros acompañará ata o encoro.

Dende aquí, a paisaxe alcanza o seu apoxeo xunto ás ruínas inundadas do lugar de Chao do Habanero, para atravesar despois a exuberante natureza da Fraga da Ribeira, con húmidos recunchos plenos de verdor todo o ano, fermosas fervezas, regatos, e unha ampla variedade de flora e fauna.

O sendeiro rematará de novo na ponte de madeira do parque do Eume.

Resaltar que a seguridade do sendeiro varía segundo a época do ano e das condicións meteorolóxicas. Co chan mollado as superficies de roca son moi escorregadizas sendo necesario extremar as precaucións.



## DATOS



6,5 horas



19 km.



Dificultade moderada



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05